



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de novembro de 2023 (1570/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Angel Rivas González
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Patricia Rodríguez Calviño

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día dez de novembro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A concelleira Sra. Caride Estévez, incorpórase á sesión no punto 13 da orde do día e auséntase antes de tratar o punto 17.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(909).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbbase a acta da sesión do 3 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(910).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 19157/101.

Visto o informe xurídico do 31/10/2023 e o informe de fiscalización do 7/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 30/10/2023, asinado pola xefa do departamento Administrativo de Alcaldía e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

“Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) os lotes 1, 2, 5 e 6 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) (lotes 1, 2, 5 e 6) coas seguintes condicións:

- LOTE 1: Servizo de catering para almuerzo ou “coffe break” (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento)

- a) O prezo máximo do lote é de 10.540,64 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 958,24 euros, cun prezo unitario de 4,91 euros.*
- b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (4 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 1 do PPTP) en 4 unidades.*
- c) Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 2 unidades.*

- LOTE 2: Servizo de catering para cafés e infusións para roldas de prensa

- a) O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 2,36 euros.*
- b) Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) en 3 unidades.*
- c) Incrementa o número de unidades de cada produto por persoa en 1 unidade.*

- LOTE 5: Servizo de catering para xantar ou cea

- a) O prezo máximo do lote é de 39.527,40 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.593,40 euros, cun prezo unitario de 35,34 euros.*
- b) Incrementa o nº de unidades de entremeses varios salgados sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (4 unidades) en 3 unidades.*
- c) Incrementa o nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades) en 3 unidades.*
- d) Incrementa o número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado na cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa) en 1 unidade.*

- LOTE 6: Bolsa “brunch” ou almuerzos empacados para eventos informais fora de instalacións municipais

- a) O prezo máximo do lote é de 12.648,76 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.149,89 euros, cun prezo unitario de 9,56 euros.*



Concello de Vigo

- b) *Incrementa o número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. lote 6 do PPTP en 1 unidade.*

Todo iso, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

Os contratos para cada un dos catro lotes (1, 2, 5, e 6) formalizáronse en documento administrativo asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano, sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (11 de novembro de 2022).

Segundo.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

Segundo.- Adxudicar a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) o lote 4 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) coas seguintes condicións:

- LOTE 4: Servizo de catering para vino español

- a) *O prezo máximo do lote é de 18.446,12 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.676,92 euros, cun prezo unitario de 16,23 euros.*
- b) *Incrementa o número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP) en 4 unidades*
- c) *Incrementa o número de bocados doces por persoa (2 bocados) segundo a cláusula 8. B. lote 4 do PPTP en 3 unidades*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

O contrato para o lote 4 formalizáronse en documento administrativo en data 23 de novembro de 2022, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (24 de novembro de 2022).

Os contratos para os lotes 1, 2, 4, 5 e 6 poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Terceiro.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022, adoptou o acordo seguinte:

“Primeiro.- Adxudicar a LUCIMARCA, S.L. (B-66.000.498) os lotes 3 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101) coas seguintes condicións:

- LOTE 3: Servizo de catering para aperitivo ou cóctel con doces

a) O prezo máximo do lote é de 13.175,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.197,80 euros, cun prezo unitario de 13,00 euros.

- LOTE 7: Subministro de augas embotellada de 500 ml para actos, eventos e reunións

a) O prezo máximo do lote é de 2.635,16 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 239,56 euros, cun prezo unitario de 0,25 euros.

Os contratos para os lotes 3 e 7 formalizáronse en documento administrativo en data 28 de novembro de 2022, e na Cláusula cuarta consta o prazo deste, o cal é de un ano sendo a data de inicio o día seguinte á sinatura, (29 de novembro de 2022).

Estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración dos contratos.

Cuarto.- En data 5 de outubro de 2023, notifícase a GRUPO ZAKA RESTAURACION S.L, a finalización do prazo inicial dos contratos correspondentes aos LOTES 1, 2, 5 e 6, previsto para o día 10 de novembro 2023, e mais a finalización do prazo inicial do contrato do LOTE 4 previsto para o día 23 de novembro de 2023, e solicítaselle conformidade para a prórroga dos lotes 1, 2, 4 e 6 polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos. E máis a prórroga para o LOTE 4 entre o período comprendido entre os días 24 de novembro de 2023 ao 23 de novembro de 2024.

En data 9 de outubro o GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. comunica a súa conformidade a través do Rexistro Electrónico. (trámite nº 323 do expediente 19157-101).

Quinto.- En data 5 de outubro de 2023, notifícase a LUCIMARCA S.L, a finalización do prazo inicial dos contratos correspondentes aos LOTES 3 e 7 prevista para o día 28 de novembro 2023 e solicítaselle a conformidade para a prórroga polo período comprendido entre os días 29 de novembro do 2023 e 28 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.



Concello de Vigo

Con data 19 de outubro a empresa LUCIMARCA, S.L. comunica a súa conformidade a través do Rexistro Electrónico (trámite nº 324 do expediente 19157-101

Sexto.- A prórroga será acordada polo Órgano de Contratación, neste caso a Xunta de Goberno Local, con anterioridade ao vencemento do prazo de execución, permanecendo inalterables as condicións do contrato.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), a sensu contrario, os contratos administrativos adjudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse pola mesma en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

Segundo.- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da F.E.C, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo.

A empresas foron comunicadas da finalización dos prazo iniciais dos contratos:

a) En data 5 de outubro de 2023, notifícase a GRUPO ZAKA RESTAURACION S.L, a finalización do prazo inicial dos contratos correspondentes aos LOTES 1, 2, 5 e 6, previsto para o día 10 de novembro 2023, e mais a finalización do prazo inicial do contrato do LOTE 4 previsto para o día 23 de novembro de 2023.

Na mesma data e documento, solicítaselle conformidade para a prórroga dos LOTES 1, 2, 5 e 6 polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos; e ao LOTE 4 polo período comprendido entre os días 24 de novembro do 2023 e 23 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

En data 9 de outubro o GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. comunica a súa conformidade á prorroga dos lotes anteditos través do Rexistro Electrónico. (trámite nº 323 do expediente 19157-101).

b) En data 5 de outubro de 2023, notificase a LUCIMARCA S.L, a finalización do prazo inicial dos contratos correspondentes aos LOTES 3 e 7 prevista para o día 28 de novembro 2023.

Na mesma data e documento solicítaselle a conformidade para a prorroga polo período comprendido entre os días 29 de novembro do 2023 e 28 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

Con data 19 de outubro a empresa LUCIMARCA, S.L. comunica a súa conformidade a través do Rexistro Electrónico (trámite nº 324 do expediente 19157-101).

PROPOSTA

Polo exposto, considérase conveniente polos que subscriben, a proposta de prorroga do *servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)* dos seguintes lotes e polos períodos que se detallan a continuación:

1.- O comprendido entre os días 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos; para os **LOTES 1, 2, 5 e 6** adxudicado ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.

2.- O comprendido entre os días 24 de novembro do 2023 e 23 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos para o **LOTE 4** adxudicado ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L.

3.- O comprendido entre os días 29 de novembro do 2023 e 28 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos para os **LOTES 3 e 7** adxudicado a LUCIMARCA S.L.

Toda vez que o servizo durante o prazo inicial de execución, foi satisfactoria e cumpríronse correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Quinto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sexto.- O importe da prorroga deberá ser de aplicación aos créditos do orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía correspondente ou a súa bolsa de vinculación.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PRO-PONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



Concello de Vigo

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a primeira prórroga do “servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo (19.157-101)” para os seguintes LOTES:

1.- LOTES 1, 2, 5 e 6 adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 14 de outubro de 2022, ao GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

2.- LOTE 4 adxudicado pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508), cuxo contrato foi asinado pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 24 de novembro do 2023 e 23 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

3.- LOTES 3 e 7 adxudicados pola Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2022 a LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498), cuxos contratos foron asinados pola Concelleira Delegada da Area de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, polo período comprendido entre os días 29 de novembro do 2023 e 28 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.

Segundo.- Autorizar con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) dos orzamentos da Alcaldía ou a súa bolsa de vinculación os seguintes importes totais para cada LOTE:

- LOTE 1 por importe de 10.540,64 €, sendo a cota de IVE de 958,24 € polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024 ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 2 por importe de de 13.175,80 €, sendo a cota de IVE de 1.197,80 € polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).
- LOTE 3 por importe de 13.175,80 €, sendo a cota de IVE de 1.197,80 €, polo período comprendido entre o 29 de novembro do 2023 e 28 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos a favor de LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)
- LOTE 4 por importe de 18.446,12 €, sendo a cota de IVE de 1.676,92 €, polo período comprendido entre os días 24 de novembro do 2023 e 23 de

novembro de 2024, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

➤ LOTE 5 por importe de 39.527,40 € sendo a cota de IVE de 3.593,40 €, polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

➤ LOTE 6 por importe de 12.648,76 € sendo a cota de de IVE de 1.149,89 €, polo período comprendido entre o 11 de novembro do 2023 e 10 de novembro de 2024, a favor do GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508).

➤ LOTE 7 por importe de 2.635,16 €, sendo a cota de IVE de 239,56 €, polo período comprendido entre o 29 de novembro do 2023 e 28 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos a favor de LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)

a) O gasto que representa a prórroga no exercicio económico do ano **2023**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2023
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.177,80	457,34	2.635,14 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	2	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.722,26	571,68	3.293,94 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	3	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	2.722,26	571,68	3.293,94 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	4	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	3.811,17	800,34	4.611,51 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno)	5	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	8.166,82	1.715,03	9.881,85 €



Concello de Vigo

912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	6	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	2.613,37	548,81	3.162,18 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	7	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	544,44	112,33	658,77

b) O gasto que representa a prórroga no exercicio económico do ano **2024**, para cada LOTE é o seguinte:

Aplicación orzamentaria	LOTE	ADXUDICATARIO	Base €	IVE €	Importe total ANO 2024
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	1	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	6.533,47	1.372,03	7.905,50 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	2	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	8.166,83	1.715,03	9.881,86 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	3	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	8.166,83	1.715,03	9.881,86 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	4	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	11.433,56	2.401,05	13.834,61 €
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	5	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	24.500,46	5.145,09	29.645,55€
912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	6	GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508)	7.840,15	1.646,43	9.486,58€

912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Gobierno)	7	LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498)	1.633,38	343,01	1.976,39 €
--	---	-------------------------------	----------	--------	------------

Terceiro.- Adoptado o acordo, deberá de notificarse ás empresas GRUPO ZAKA RESTAURACIÓN, S.L. (B-27.847.508) adxudicataria dos lotes 1, 2, 4, 5, e 6 ; e a empresa LUCIMARCA S.L. (B-66.000.498) adxudicataria dos lotes 3 e 7, indicando que é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(911).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DE APOIO AO CENTRO MUNICIPAL PARA O TRATAMENTO DAS DROGO DEPENDENCIAS, CEDRO. EXPTE. 2968/315.

Visto o informe xurídico do 3/11/2023 e o informe de fiscalización do 6/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/2023, asinado polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, o xefe do Servizo de CEDRO, o xefe de Área de Benestar Social e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión extraordinaria e urxente do 24.10.2019, adxudicar á “EULEN SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS, S.A.” (A-79022299) o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO – Concello de Vigo, por un prezo total de 2.367.803,53€.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 27.11.2019, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.



Concello de Vigo

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que era de tres (3) anos, contado a partir do 01.12.2019, mediante dúas (2) prórroga dun (1) ano de duración cada unha delas.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7 PCAP). En calquera caso, consta no expediente (trámite n.º 8) a conformidade expresa do contratista para esta segunda prórroga do contrato (periodo: 01.12.2023 – 30.11.2024).

I.4. Tramítase o expediente administrativo co n.º 2968/315 (2023) do Servizo de CEDRO e consta nel (e no expediente relacionado n.º 2740/315) a seguinte documentación:

- Resolución da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social do 26.10.2023, ordeando a incoación de expediente administrativo para a autorización expresa da 2ª prórroga do contrato (trámite n.º 5).
- Comunicación oficial ó actual contratista do inicio do expediente administrativo da 2ª prórroga do contrato en vigor (trámite n.º 6).
- Escrito de conformidade coa segunda prórroga do contrato presentado en data 27.10.2023 no Rexistro electrónico municipal (Doc. n.º 230340718) pola persoa representante de “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A” (trámite n.º 8).
- Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A” e Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (constan no Exp. n.º 2740/315; trámites núms. 321 e 83, respectivamente).

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomía de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RD.Lex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.

- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

Emítase este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»*; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de *«prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *“non se entenderá como exercicio de novas competencias”*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»*; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantía sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª



Concello de Vigo

e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuír tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. SEGUNDA (2ª) PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Preceptúa o Art. 29.1 da LCSP que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiais aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.4. O contrato formalizado con “EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A” é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de tres (3) anos desde o 01.12.2019. Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante dúas (2) prórrogas dun (1) ano de duración cada unha.

III.2.5. A XGL, na súa sesión ordinaria de data 22.07.2022, acordou a primeira prórroga deste contrato nos seguintes termos: *“Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2022 e ata o 30.11.2023, o contrato de servizos sanitario asistencial de CEDRO, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 24.10.2019 á entidade “EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A” (A-79022299) por un prezo de 2.367.803,53€ e formalizado en documento administrativo o 27.11.2019, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017), na cláusulas 4 do contrato e nas cláusulas 7 e Apdo. 4.c] das FEC do PCAP. O contrato prorrogase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal...”* (Exp. n.º 2896/315).

III.2.6. Tanto a Xefatura do Servizo de CEDRO (responsable das cuestións prácticas relativas á marcha do Servizo e da emisión das directrices ó/a coordinador/a do contratista) como a Xefatura de Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a segunda prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pac-

tadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dun servizo indispensable para a atención das persoas drogodependentes usuarias de CEDRO.

III.2.7. A segunda prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal suscrito o 27.11.2019 e prorrogado ata o 30.11.2023, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

III.2.8. O gasto representado por esta segunda prórroga, que é de 789.267,84€ (65.772,32€ do 01.12.2023 ó 31.12.2023 + 723.495,52€ do 01.01.2024 ó 30.11.2024), podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 3112.227.99.01 dos orzamentos municipais.

III.2.9. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.10. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

IV. CONCLUSIONES

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 27.11.2019 polo Concello de Vigo coa entidade “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.”, toda vez que:

- Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
- A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluídas as prórrogas.
- As características do contrato de servizos formalizado para a execución do servizo sanitario asistencial de CEDRO permanecerán inalterables.
- Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
- Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.12.2023 e ata o 30.11.2024, o contrato de servizos sanitario asistencial de CEDRO, adxudicado pola Xunta de Go-



Concello de Vigo

berno Local do 24.10.2019 e prorrogado ata o 30.11.2023 á entidade “EULEN SERVICIOS SOCIO-SANITARIOS, S.A” (A-79022299), formalizado en documento administrativo o 27.11.2019, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017), na cláusulas 4 do contrato e nas cláusulas 7 e Apdo. 4.c] das FEC do PCAP. O contrato prorrógase nas mesmas condicións inicialmente convidadas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 789.267,84€ que representa esta segunda prórroga do contrato a favor de “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A”, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 3112.227.99.01, correspondendo 65.772,32€ ó exercicio de 2023 (do 01.12.2023 ó 31.12.2023) e 723.495,52€ ó exercicio de 2024 (do 01.01.2024 ó 30.11.2024).

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccetes. da Lei 29/98)».

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(912).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ASISTENCIA Á RECADACIÓN EXECUTIVA. EXPTE. 26287/541.

Visto o informe de fiscalización do 03/11/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 3/11/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26287-541)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26287-541)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 8 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar os pregos de condicións técnicas asinado en data 17/04/2023 e de cláusulas administrativas particulares asinado en data 26/05/2023, memoria xustificativa do contrato asinada o 17/04/2023 corregida asinada o 26/05/2023 e os seus anexos elaborados para a contratación mediante procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de colaboración nos procedementos de recadación en período executivo dos ingresos municipais de Dereito Público, nos procedementos sancionadores da Concellería Delegada de Mobilidade e Seguridade, multas de circulación e liquidacións das taxas practicadas pola retirada e custodia de vehículos no depósito municipal tramitados polo Concello de Vigo, por un período de Cinco anos.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto do contrato regulado na cláusula 3 das FEC, e o réxime de pagamentos e regularización anual reflectido na cláusula 11 das FEC:

Orzamento de licitación aos efectos orzamentarios: 18.113.008,42 euros.

Para o cálculo do orzamento de licitación, tivéronse en conta as porcentaxes do contrato vixente:

- *Sancións de tráfico en procedemento executivo: 26,95% sobre a recadación.*
- *Sancións de tráfico en período voluntario: 26,95% sobre a recadación.*
- *Recadación en apremio, cunha rebaixa de 4 puntos en cada tramo: 18% para o último tramo, para unha recadación neta de máis de 10⁶ de euros (máis de dez millóns).*
- *% Recadación en voluntaria e executiva liquidación veh. depósito grúa: 24,95% sobre a recadación.*

Contía sen IVE: 14.969.428,45 euros.

IVE: 3.143.579,97 euros.

Anualidades co IVE engadido:

- *ano 2024: 3.511.977,68 euros*
- *ano 2025: 3.564.657,34 euros*
- *ano 2026: 3.618.127,20 euros*
- *ano 2027: 3.672.399,11 euros*
- *ano 2028: 3.745.847,09 euros*

Se a futura adxudicataria oferta unhas porcentaxes de cobro inferiores, axustaranse as anualidades de gasto ao porcentaxe de cada un dos criterios tendo en conta o apartado 9.1 da Memoria xustificativa coas actualizacións do 1,5% para os anos 2002, 2023 e 2004.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Dispoñer a apertura do procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP-FEC).

CUARTO.- A imputación do gasto farase con cargo á aplicación 9340.2270800 do Orzamento vixente."

Segundo.- En data 7 de xullo de 2023, D. Salvador Camblo Moyano, en nome e representación de GESTIÓN DE TRIBUTOS Y RECAUDACIÓN TRIBUTARIA, S.L., na súa cualidade de secretaria da mesma, interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a presente licitación.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 1 de setembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

"1º Tomar razón da Resolución nº 145/2023 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 132/2023, interposto por GESTIÓN DE TRIBUTOS Y RECAUDACIÓN TRIBUTARIA, SL contra os pregos da contratación do servizo "A realización de cantas tarefas de apoio, execución, asesoramento e asistencia técnica se consideren necesarios para a recadación das débedas cuxa xestión teña encomendada o Concello de Vigo, sen que en ningún caso se contemplen a produción de actos administrativos nin aqueles que impliquen exercicio de autoridade, expediente 26287-541. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Desestimar o recurso interposto por GESTIÓN DE TRIBUTOS Y RECAUDACIÓN TRIBUTARIA, SL contra os pregos da contratación do servizo "A realización de cantas tarefas de apoio, execución, asesoramento e asistencia técnica se consideren necesarios para a recadación das débedas cuxa xestión teña encomendada o Concello de Vigo, sen que en ningún caso se contemplen a produción de actos administrativos nin aqueles que impliquen exercicio de autoridade", expediente 26287-541 do Concello de Vigo.

2. Levantar a suspensión acordada no seu día.

3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP."

Cuarto.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26287-541) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., (SCI)	100,00
2	UTE, ASESORES LOCALES CONSULTORIA, SA - AL TRÁFICO Y MOVILIDAD SEGURA, S.L.	87,90

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., (SCI), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Quinto.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., (SCI), o día 16 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 23 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Sexto.- A Mesa de Contratación na sesión do 3 de novembro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón e D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., (SCI), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., (SCI), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 19 de setembro de 2023 e 5 de outubro de 2023, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a SERVICIOS DE COLABORACIÓN INTEGRAL, S.L.U., (SCI) o procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia á recadación executiva (26287-541) por un prezo total do contrato de 18.113.008,42 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.143.579,97 euros, e coas seguintes condicións:

- a) Propón a retribución pola recadación en vía executiva de ingresos de Dereito Público, agás multas de circulación prevista no seguinte cadro:

RECADACIÓN EFECTIVA euros	% Máxima	% Mínima	Recorr. (max-min)	Puntos baixa	Puntos tramo	% final ofertado
Ata 3.000.000,00	14,00%	10,00%	4,00	4,00	0,5	10,00%

Dende 3.000.000,01 até 5.000.000,00	16,00%	12,00%	4,00	4,00	0,5	12,00%
Dende 5.000.000,01 até 8.000.000,00	18,00%	14,00%	4,00	4,00	0,75	14,00%
Dende 8.000.000,01 até 10.000.000,00	20,00%	15,00%	5,00	5,00	0,85	15,00%
Máis de 10.000.000,00	22,00%	17,00%	5,00	5,00	1,75	17,00 %

- b) Propón a retribución pola recadación en vía executiva de multas de tráfico prevista no seguinte cadro:

% Porcentaxe ofertado polo licitador multas de tráfico en vía executiva
24,95 % - VINTE CATRO E NOVENTA E CINCO POR CENTO

- c) Propón a retribución do incentivo de xestión prevista no seguinte cadro:

% Recadación s/ cargo líquido	Porcentaxe de baixa, seleccione un so tramo
Máis do 20% ata o 30%	100% - CIEN POR CIENTO DE BAIXA
Máis do 30% ata o 40%	100% - CIEN POR CIENTO DE BAIXA
Máis do 40% ata o 45%	100% - CIEN POR CIENTO DE BAIXA
Máis do 45% ata o 50%	100% - CIEN POR CIENTO DE BAIXA
Máis do 50%	100% - CIEN POR CIENTO DE BAIXA

- d) Propón a retribución pola recadación en vía voluntaria e executiva por liquidación pola retirada de vehículos e custodia no depósito municipal e outras sancións competencia da área de Seguridade Tráfico e Transportes prevista no seguinte cadro:

% Porcentaxe ofertado polo licitador pola recadación neta das liquidacións
24,95 % - VINTE CATRO E NOVENTA E CINCO POR CENTO

- e) Propón a retribución pola xestión e recadación en período voluntario de cobro de multas de tráfico:

% Porcentaxe ofertado polo licitador multas de tráfico en período voluntario
--



Concello de Vigo

24,95 % - VINTE CATRO E NOVENTA E CINCO POR CENTO

- f) Propón como importe para equipos de captura de información de tipo fixo ou móbiles na xestión de sancións:

Contía ofertada polo licitador para a captura de información fixos ou móbiles, euros

250.000 € - DOUSCENTOS CINCUENTA MIL EUROS DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO

- g) Propón para campañas publicitarias en medios de comunicación relacionadas de forma directa cos procesos de xestión e recadación, que deben incluír a promoción de medios de pago e realización de xestións mediante técnicas e medios electrónicos, informáticos, telemáticos ou outros medios ou medidas que redunden nunha mellor relación Concello-contribuínte (importe mínimo de 30.000 euros/ano e máximo de 60.000 euros/ano durante a vida do contrato; mínimo para a vida do contrato 150.000 euros, máximo 300.000 euros):

Contía ofertada polo licitador para campañas publicidade procedementos de recadación, euros

300.000 € - TRESCENTOS MIL EUROS DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO

- h) Propón para o desenvolvemento e mellora dos aplicativos actuais unha vez que se incorporen os requirimentos que figuran no PPT (Importe máximo para a vida do contrato: 100.000 euros)

Contía ofertada polo licitador para desenvolvemento e mellora dos aplicativos actuais, euros

100.000 € - CEN MIL EUROS DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO

- i) Propón para melloras relacionadas cos procedementos e procesos de recadación que reduzan tempos de tramitación, que faciliten o pago aos debedores, que melloren os procedementos de atención aos contribuíntes, que melloren os sistemas de notificación ou que diminúan o seu custe (importe máximo para a vida do contrato: 200.000 euros):

Contía ofertada polo licitador para melloras nos procedementos de recadación, euros

200.000 € - DOUSCENTOS MIL EUROS DURANTE A VIXENCIA DO CONTRATO

TO

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(913).- SUBVENCIÓN AO REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2023”. EXPTE. 22462/333.

Visto o informe xurídico do 23/10/2023 e o informe de fiscalización do 02/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 06/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a



Concello de Vigo

capacidade para planificar unha determinada actuación cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

O crédito necesario consta nominativamente na aplicación orzamentaria 3410.480.00.09 a favor de entidade Real Club Náutico de Vigo, no orzamento da Concellería de deportes do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de Vigo con carácter definitivo o 23 de decembro de 2022 (https://hoxe.vigo.org/oconcello/economica23_subvencions.php?lang=ca#/).

Con data 25.01.2023 o Concelleiro-delegado de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 10.000,00€ a favor da entidade Real Club Náutico de Vigo pola organización do evento Semana Atlántica de Vela 2023 ó longo do mes de outubro de 2023.

En relación co que vai dito, a entidade Real Club Náutico de Vigo solicitou ó Concello de Vigo con data 02.02.2023 unha subvención en relación á proposta de celebración na cidade de Vigo, do evento Semana Atlántica de Vela.

O proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación. Xunto coa solicitude de subvención a entidade presentou a seguinte documentación:

Documento	Data	Trámite xestión exptes.
Anexos solicitude de subvención e orzamento definitivo	03.02.23	17
Memoria-proxecto definitivo	03.02.23	17
Certificados de ausencia de débedas con AEAT	01.01.23	26
Certificados de ausencia de débedas con ATRIGA	09.06.23	28
Certificados de ausencia de débedas con S.S.	11.05.23	27
Certificados de ausencia de débedas con CONCELLO DE VIGO	23.08.23	33
CIF	13.02.15	16
DNI representante legal		34
Certificación conta bancaria	16.06.21	16
Certificación exclusividade da Federación.	12.06.23	30
Certificación exclusividade OPTIMIST		29
Composición Xunta directiva	16.02.21	17

O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 39.000,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

–Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.

- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.
- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

O evento Semana atlántica de Vela avalada polo selo da Federación Española de Vela, está considerado como un dos mais relevantes da modalidade, e atrae a participación das mellores deportistas da modalidade, entre os que se atopan regatistas do nivel internacional. No evento se agarda a participación de 450 embarcacións e 610 regatistas de máis de 7 países.

O evento converte a Ría de Vigo, durante a súa celebración, na capital nacional desta modalidade deportiva atraendo a atención de numeroso público e unha relevante presenza en medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro:.- A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.



Concello de Vigo

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”*.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, e se atopa detallada no orzamento da Concellería de deportes do ano 2023 aprobado polo Pleno do Concello de forma definitiva o 23 de decembro de 2022, o que xustifica que se conceda directamente. A súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación. A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

En relación á xustificación da subvención, tendo en consideración por unha banda a dificultade e falta de liquidez financeira da entidade deportiva, sen ánimo de lucro e, por outra, a propia finalidade da subvención, que xira ao redor da importancia dos obxectivos de interese xeral que desenvolve o seu proxecto, a proposta exceptúa o cumprimento do establecido no art. 31.2 da L.X.S e no art. 29.2 da L.S.G, admitindo documentación xustificativa de gastos nos que non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Segundo.- A competencia para a resolución deste expediente corresponde á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g da LBRL).

3.- PROPOSTA DE ACORDO:

En virtude do exposto, formúlase a seguinte proposta de acordo, para a súa remisión á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización pola intervención do Concello de Vigo.

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor do Real Club Náutico de Vigo CIF: G36612752 pola organización do evento deportivo "SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2023" de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 10.000,00€. a favor da entidade REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO, CIF: G36612752 e enderezo social na rúa As Avenidas, en Vigo, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 22462-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.480.00.09 do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

ANEXO: CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DA ENTIDADE REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO "SEMANA ATLÁNTICA DE VELA CIDADE DE VIGO 2023" (EXPTE. 22462-333)

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo, do evento deportivo "Semana Atlántica de Vela", organizado pola entidade Real Club Náutico de Vigo.

A entidade organizadora plantexou a celebración na cidade de Vigo do evento deportivo Semana Atlántica de Vela, un importante proxecto deportivo que converte á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun importante centro de atención da modalidade.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e internacional, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, coa participación na cidade de moitos dos e das mellores deportistas da modalidade a nivel internacional.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

A Semana Atlántica de Vela, avalada polo selo da Federación Española de Vela, está considerada como un dos mais relevantes da modalidade, e atrae a participación das mellores deportistas da modalidade, que se atopan no ránking nacional, entre os que se atopan ademais, deportistas de nivel internacional.



Concello de Vigo

O evento converte a ría de Vigo, durante a súa celebración, na capital nacional desta modalidade deportiva atraendo a atención de numeroso público e unha relevante presenza en medios de comunicación.

II.-A entidade Real Club Náutico de Vigo organiza a Semana Atlántica de Vela que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reúne os e as mellores deportistas do país durante a celebración, e supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer o público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo, destacando, como valor promocional engadido.

III.-A entidade Real Club Náutico de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22462-333.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade Real Club Náutico de Vigo colabora coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organiza a Semana Atlántica de Vela, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Debe asumir todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.-Debe garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Debe obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Debe publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figura a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilízase fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.- Debe asegurarse de que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, aparece a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Debe invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Debe garantir que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figura nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Debe realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.- Debe, en xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.- Debe atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade Real Club Náutico de Vigo unha subvención por importe de 10.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.09 do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxugar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento deportivo Semana Atlántica de Vela. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 1 de decembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos probativos polo importe total do orzamento do evento. Se poderá substituír a presentación destes documentos polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado na proposta de subvención.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento Semana Atlántica de Vela.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas



Concello de Vigo

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 1 de decembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

6(914).- SUBVENCIÓN AO OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO EN RELACIÓN COA ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO. EXPTE. 22957/333.

Visto o informe xurídico do 20/10/2023 e o informe de fiscalización do 31/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 19/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxectivo de dar continuidade ó expediente 22957-333, en relación á proposta de subvención a favor da entidade Obradoiro club amigos del baloncesto CAB, e atendendo ás observacións detalladas no informe xurídico de data 21.09.2023, procédese a informar sobre as consideracións observadas e á modificación da proposta e que a continuación se detalla:

1. Incorporouse a memoria xustificativa do outorgamento de subvención directa.
2. Incorporouse o certificado de ausencia de débedas da entidade solicitante co Concello de Vigo de data 03.10.2023.
3. Na memoria xustificativa se xustifica que a exclusividade xira ao redor da cesión dos dereitos sobre a organización e xestión dun partido amistoso no mes de setembro entre o Mombús Obradoiro e o Valencia Basket, cuestión que fundamenta unha exclusividade para a participación da entidade de alto nivel no torneo cidade de Vigo.
4. A entidade remitiu a través do Rexistro electrónico do Concello de Vigo o documento que acredita a aclaración sobre o IVE do orzamento presentado.

Polo exposto, procede a modificación da proposta considerando e atendendo a observación detallada:

Con data 07.09.2023 o Concelleiro-delegado de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención por importe de 8.000,00€ a favor da entidade OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO pola organización do evento deportivo TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO que se celebrará o 09.09.2023 na cidade de Vigo.

A actividade deportiva en Vigo no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación ó interese que ten para a cidade impulsar proxectos deportivos do máis alto nivel competitivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes atopámonos con proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axuda ó desenvolvemento dos grandes proxectos deportivos que xera a Cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a toda a cidadanía.

Atendendo a estas consideracións e obxectivos, a Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un "Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo". Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo



Concello de Vigo

local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

Unha destas liñas básicas é a relacionada coa promoción, dinamización e apoio á actividade deportiva, que expresa, entre outros, o obxectivo de dinamizar unha oferta deportiva ampla e diversa, optimizar os recursos destinados á promoción do deporte ou a promover o apoio ó desenvolvemento de proxectos deportivos.

Neste ámbito e tal como está configurada a dinamización do deporte, o Concello de Vigo ten interese no fomento de propostas de subvención que permitan, a través do apoio institucional, o desenvolvemento de proxectos e eventos deportivos vinculados con criterios e principios relacionados co calendario deportivo que, pola súa propia estrutura, impiden ou limitan a capacidade para planificar determinadas actuacións cun gran período de tempo previo á súa celebración, xa que na maioría dos casos estes calendarios se configuran a partir de decisións de organismos nacionais ou internacionais cuxos tempos de xestión non coinciden cos tempos de xestión das administracións.

En relación co que vai dito, a entidade OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO solicitou ó Concello de Vigo con data 24.08.2023 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, do evento TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO, para o que conta coa exclusividade segundo se deriva da documentación presentada xunto coa solicitude.

A entidade acredita documentalmente posuír os todos os dereitos deportivos, de execución, publicitarios e de comunicación do evento, e o seu proxecto fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese e nivel deportivo e unha ampla difusión en medios de comunicación.

O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 26.300,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade con datas 24.08.2023, 05 e 07.09.2023.

O obxectivo da colaboración entre entidades e institucións responde ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na busca da potenciación de sinerxías no ámbito social, do cal destacamos:

- Promoción da marca Vigo como cidade do deporte.
- Atracción de proxectos que supoñan a consolidación do tecido produtivo na súa relación do deporte.
- O impulso dunha oferta deportiva de calidade no ámbito dos eventos deportivos.
- Dinamizar propostas de interese de deporte-espectáculo de alto nivel.

Este proxecto de colaboración fundaméntase nos seguintes obxectivos:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de rendemento de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles que potencien a práctica deportiva.

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos estruturados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se*



Concello de Vigo

trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Considérase que a celebración deste evento deportivo ten un claro carácter de interese público e social para a cidade de Vigo, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención directa, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dunha proposta de resolución cuxo texto se somete a aprobación.

A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención a favor de OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO CIF: G.15027402 pola organización do evento TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 8.000,00€. a favor da entidade OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO co CIF: G.15027402 e enderezo social na rúa Diego Bernal, S/N, planta 4 coplem, en Santiago de Compostela, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 22957-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890001 e a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

ANEXO: CONDICIÓN E COMPROMISOS VINCULADOS COA PROPOSTA DE SUBVENCIÓN A FAVOR DE OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO EN RELACIÓN Á CELEBRACIÓN DO EVENTO TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO

I.-O obxecto da proposta é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO organizado por OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO, que ostenta os dereitos de organización e representación en exclusiva do Evento, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

A entidade organizadora plantexou a celebración na cidade de Vigo do TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO, un importante proxecto deportivo que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun importante centro de atención da modalidade.

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión a nivel nacional e autonómico, que contén cunha ampla promoción da actividade deportiva e o altísimo nivel deportivo da competición, coa participación na cidade de dous equipos do máximo nivel do baloncesto nacional e internacional, como son o Mombús Obradoiro e o Valencia Basket.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social.

O evento TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO pode considerarse un dos mellores torneos no ámbito nacional debido ao nivel top dos equipos participantes.

O evento converterá a cidade, durante a súa celebración, na capital galega desta modalidade deportiva atraendo a atención de numeroso público e unha relevante presenza en medios de comunicación e alcanzando un alto nivel deportivo e sendo de gran atractivo para os siareiros.

II.-A entidade OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO organiza o evento TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor.

O evento deportivo reúne a dous dos mellores equipos do país, e que supón un espectáculo deportivo de enorme nivel competitivo e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

Súmase a isto, o compoñente social e o valor promocional do deporte deste nivel. Considérase que a organización de este evento permite reforzar o compromiso coa sociedade e dar a coñecer ó público das posibilidades de organización destes eventos deportivos, e tendo a oportunidade de incrementar o número de afeccionados e deportistas, coa repercusión mediática nos medios de comunicación, enlaces web, redes sociais, ademais de mostrar a Vigo como destino turístico-deportivo, destacando esta cuestión como valor promocional engadido.

III.-A entidade OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm 22957-333.

COMPROMISOS:

Primeiro.- A entidade OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO colabora coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente:

1º.- Organiza o evento TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Debe asumir todos os gastos derivados da organización do evento deportivo.

3º.- Debe garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Debe obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.



Concello de Vigo

5º.- Debe publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos figura a imaxe institucional do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilízase fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.

7º.- Debe asegurarse de que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, aparece a imaxe institucional do Concello de Vigo.

8º.- Debe invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Debe garantir que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, figura nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona de xogo, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Debe realizar unha memoria do evento deportivo, con resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.- Debe, en xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.- Debe atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Conceder directamente á entidade OBRADOIRO CLUB AMIGOS DEL BALONCESTO unha subvención por importe de 8.000,00€ con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 e a súa bolsa de vinculación, do orzamento en vigor, mediante transferencia bancaria á conta facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas coa organización do evento TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO. A tramitación do pago da subvención realizarase, unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa, a partir do día seguinte á celebración do evento deportivo.
- Ceder gratuitamente o pavillón central das Travesas para a celebración do evento.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto da subvención, na cartelería, web e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e o 15 de novembro de 2023 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos probativos polo importe total do orzamento do evento. Se poderá substituír a presentación destes documentos polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto da subvención cumprirán as seguintes especificades:



Concello de Vigo

- As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán aquelas facturas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo servizo de deportes, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento TORNEO CIDADE DE VIGO DE BALONCESTO.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe da subvención.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lexislación de Contratos del Sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta de subvención e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia da proposta abarca o período comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e ata o 15 de Novembro de 2023 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación da mesma.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A concesión da subvención obxecto da presente proposta rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas condicións e compromisos que se conteñen nesta proposta; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexeráse polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de o 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, de o 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo.- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución desta proposta establécese en base as memorias e informes que presente a entidade solicitante e a información



Concello de Vigo

da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire esta proposta e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

7(915).- SUBVENCIÓN A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO SAN SILVESTRE DE VIGO 2023. EXPTE. 22995/333.

Visto o informe xurídico do 19/10/2023 e o informe de fiscalización do 03/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 09/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e conformado polo concelleiro-delegado, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión ordinaria do 27.12.2019 un “Plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo”. Este plan, fundamentado entre outras cuestións na necesidade de instrumentar a xestión da participación do Concello de Vigo no desenvolvemento deportivo local, de mellorar o impulso do traballo de planificación ou de consolidar a Vigo como “cidade do deporte”, inclúe o desenvolvemento das liñas estratéxicas básicas de actuación.

2.- A Federación Galega de Atletismo solicitou ó Concello de Vigo con data 26 de setembro de 2023 unha subvención en relación á proposta de celebración, na cidade de Vigo, do evento San Silvestre de Vigo 2023, fundamentando a proposta no interese público que para a cidade ten a celebración de dito evento, e na súa declaración de utilidade pública conferida á propia Federación na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia.

3.- Con data 29.09.2023 o Concelleiro-delegado de deportes deu instrución para o inicio dun expediente de subvención directa por importe de 25.895,00€ a favor da entidade Federación Galega de Atletismo co CIF: G15103500 para a organización e desenvolvemento do evento SAN SILVESTRE DE VIGO 2023, con data 31 de decembro de 2023.

4.- No expediente consta incorporada a memoria xustificativa do outorgamento desta subvención directa, tal e como esixe a normativa de aplicación, asinada pola xefatura de deportes con data 9 de outubro de 2023.

2.- FUNDAMENTOS:

Á vista da memoria xustificativa incorporada ao expediente, o outorgamento directo desta subvención ven motivado polo seguinte:

- O proxecto presentado pola Federación Galega de atletismo fundamenta o interese xeral que supón para a cidade de Vigo, xa que contará con gran interese para a cidade desde un punto de vista da promoción do deporte saudable e unha ampla difusión en medios de comunicación.
- A Federación Galega de Atletismo, entidade única na comunidade galega na súa especialidade, conta coa estrutura, os medios materiais e humanos e a experiencia necesarias para a organización dun evento desta envergadura, e se entende que conta co coñecemento necesario para organizar o evento. Considérase que a Federación Galega de Atletismo ten unha capacidade técnica e loxística e unha experiencia que garante a mellor proposta organizativa do evento.
- A San Silvestre foi organizada nas derradeiras edicións polo Concello de Vigo directamente. Non obstante, considérase que a proposta remitida pola Federación Galega de Atletismo pode resultar de interese debido a súa experiencia no ámbito da organización de campionatos de gran envergadura, mellorando as posibilidades e a xestión que o Concello poda facer. Ademais, a Federación conta coa estrutura de persoal, a plataforma de inscrición e a capacidade para realizar todas as tarefas e funcións previas á celebración do evento, a dinamización previa, a promoción do evento, etc..., xa que conta coa súa propia web dedicada ó ámbito do atletismo, alcanzando directamente desta forma a todas as estruturas que forman parte da modalidade.
- O gasto global derivado do proxecto deportivo segundo o presuposto presentado pola entidade organizadora ascenden a un total de 31.500,00€, conforme ao programa e Presuposto de ingresos e gastos, recollidos como Anexos da documentación presentada pola entidade o 26.09.23. Considérase que este importe é axustado á envergadura do evento, ó que hai que engadir que é inferior ó importe de gasto asumido polo Concello de Vigo no ano 2022 (26.394,00€).

O crédito necesario e suficiente para esta subvención atópase dispoñible na aplicación orzamentaria 3410.489.00.01 e a súa bolsa de vinculación, que en todo caso verificará a Intervención municipal.

A Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, establece no seu artigo 8.2, que os municipios, no seu ámbito territorial, exercerán, entre outras competencias, a de “promover e, no seu caso, executar no ámbito da súa competencia, os programas xerais do deporte, mediante a coordinación coa administración autonómica, así como a colaboración con outros entes locais, federacións deportivas galegas ou outras asociacións deportivas.

Así mesmo, a propia Lei 3/2012, detalla no seu artigo 29, que as administracións deportivas de Galicia, no ámbito das súas respectivas competencias, e coa colaboración, no seu caso, de outras entidades e organizacións, públicas ou privadas, facilitarán alternativas e medios para a práctica da actividade física que leven a cabo as persoas físicas, individual ou colectivamente, co principal obxectivo de mellorar a condición física e/ou a ocupación activa do tempo de ocio.

As Federacións deportivas galegas son entidades privadas, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación se estende ao territorio da comunidade autónoma galega, e están integradas por clubs, seccións deportivas, deportistas, técnicos, xuíces árbitros e outros colectivos interesados estatutariamente establecidos, co obxectivo de promover, practicar e en xeral contribuír ao desenvolvemento dunha modalidade deportiva, exercendo, tal como establece o artigo 56 da Lei do deporte de Galicia funcións propias e funcións públicas delegadas, e exercendo, entre outras, a colaboración coas administracións públicas na promoción do atletismo.



Concello de Vigo

Esta función se reflexa no artigo 6 dos estatutos da propia Federación, que define como función propia fundamental a de promover, facilitar, planificar, administrar e dirixir, con carácter exclusivo, a práctica do atletismo na comunidade galega e colaborar coas administracións públicas e coa RFEA, así como coas restantes entidades deportivas, na promoción do atletismo. A isto hai que engadir que os estatutos da Federación establecen, no seu artigo 7.b, como función pública delegada, a promoción xeral do atletismo en todo o territorio da comunidade autónoma.

A participación neste proxecto enmárcase dentro das competencias que teñen os municipios conforme establece a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade de Administración Local, en concordancia co establecido na Lei 5/2004, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que determina que o *“Municipio, para a xestión dos seus intereses e do ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal..”* e que *“...exercerá en todo caso como competencia propia, a promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre”*.

Ante estes aspectos, considérase fundamentada a necesidade de estudar e propoñer un marco de relación entre ambas entidades, xa que de forma xeral o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos de interese para a cidade de Vigo, e que motiva a proposta de tramitación dunha dunha subvención orientada, entre outras cuestións, a favorecer a consolidación da actividade deportiva na modalidade de atletismo na cidade de Vigo.

A lexislación aplicable, para esta proposta, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, será de aplicación o establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, que establece que o contido da información en materia de subvencións e axudas públicas deber ser obxecto de publicación no portal de transparencia dos Concellos con indicación do seu importe, obxectivo ou finalidade e beneficiarios, e que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e a Resolución de 15 de xuño de 2020 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e axudas públicas, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións, que establece que *“Naquelas subvencións ou axudas públicas nas que non sexa preceptiva a convocatoria, o órgano concedente rexistrará na BDNS os datos*

estructurados inmediatamente despois de que se publique a disposición reguladora se se trata de subvencións ou axudas con destinatarios indeterminados, ou no momento da concesión, no resto dos casos”.

Esta subvención ten un claro carácter de interese público e social, o que fundamenta a súa tramitación a través dunha subvención directa, consonte co artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia e a súa concesión canalízase a través dun convenio cuxo texto se somete a aprobación

A tramitación do pago da subvención realizarase unha vez que a entidade beneficiaria presente axeitadamente a documentación xustificativa.

A competencia para a resolución deste expediente corresponde á Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.g da LBRL).

3.- PROPOSTA DE ACORDO:

En virtude do exposto, fórmase a seguinte proposta de acordo, para a súa remisión á Xunta de Goberno Local, previo informe xurídico e fiscalización pola intervención do Concello de Vigo.

PRIMEIRO: Aprobar a proposta de resolución de concesión dunha subvención directa a favor da Federación Galega de Atletismo CIF: G15103500 pola organización e desenvolvemento do evento SAN SILVESTRE DE VIGO 2023 de acordo coas condicións e compromisos que se detallan como anexo/convenio no presente expediente.

SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o gasto de 25.895,00€. a favor da entidade Federación Galega de Atletismo co CIF: G15103500 e enderezo social na rúa Avda. Glasgow, 13 en A Coruña, segundo resulta da documentación presentada e vinculada co expediente do expediente núm. 22995-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.4890001 do vixente orzamento e a súa bolsa de vinculación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN DO EVENTO DEPORTIVO “SAN SILVESTRE DE VIGO 2023” (EXPT. 22995/333).

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Elena Espinosa Mangana, como Concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023, BOP n.º 124 de data 28.06.2023)



Concello de Vigo

Doutra, D. Ivan Pablo Sanmartín Carreira como presidente da Federación Galega de Atletismo CIF: G15103500 e enderezo social en Avenida Glasgow, 13 (15008), en A Coruña, e na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do secretario que figura na documentación do expediente núm. 22995/333.

Tendo, daquela, as persoas comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.-O obxecto deste convenio é colaborar no desenvolvemento na cidade de Vigo do evento deportivo “San Silvestre de Vigo 2023” organizado pola Federación Galega de Atletismo, declarada de utilidade pública e con funcións públicas delegadas pola Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia, tal como acredita na documentación presentada no Concello de Vigo.

O Federación Galega de Atletismo, propón a celebración na cidade de Vigo da “San Silvestre de Vigo 2023”, un importante proxecto deportivo que converterá á cidade de Vigo, durante a súa celebración, nun centro de atención do atletismo .

Na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, como o feito de que se trate dun proxecto de grande repercusión e enorme participación, que conte cunha ampla promoción da actividade deportiva na modalidade de atletismo, que atraerá á cidade a participación de ata 10.000 persoas tanto da cidade como de outros puntos xeográficos.

Ademais, o desenvolvemento deste proxecto deportivo considérase unha axuda moi importante para a promoción dos proxectos deportivos que se desenvolven na cidade de Vigo, e contribúe á consolidación da actividade deportiva na cidade de Vigo, o que supón un gran valor de carácter público e social tendo en conta, ademais, o obxectivo principal do evento e a súa relación coa promoción do deporte saudable e a loita contra o sedentarismo.

II.-Que a entidade Federación Galega de Atletismo organizará o 31.12.2023, a “San Silvestre de Vigo 2023”, que supón un valor moi importante para a promoción deportiva e turística da cidade de Vigo, o que lle confire un valor único e de carácter excepcional, tendo ademais unha importante repercusión mediática e social de enorme valor grazas ó seu carácter aberto e orientado á saúde.

O evento deportivo reunirá ao redor de 10.000 persoas, para un evento de acceso gratuito ó aire libre, e que supón un espectáculo deportivo de enorme participación e espectacularidade, e cunha importante repercusión nos medios de comunicación.

III.-Que no exercicio das súas atribucións en materia deportiva, son obxectivos do Concello de Vigo:

- Contribuír a que os e as deportistas vigueses mais mocidade teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar o nivel da imaxe deportiva de Vigo.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con eventos deportivos visibles no seu entorno que potencien a práctica deportiva.

- Contribuír á promoción da cidade de Vigo no ámbito do territorio nacional e consolidación de Vigo como “Cidade do Deporte”
- Promocionar o deporte saudable e a loita contra o sedentarismo.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo dispón no seu vixente orzamento o crédito necesario para outorgar unha subvención a favor da entidade Federación Galega de Atletismo por importe de 25.895,00 €.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, os convenios a través dos que se canalicen as subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade coa propia Lei, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é coadxuvar á financiamento do proxecto de organización e celebración na cidade de Vigo do evento deportivo “San Silvestre de Vigo 2023”.

VI.- Que a entidade Federación Galega de Atletismo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

VII.- Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e deportivo que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade, o Concello de Vigo e a Federación Galega de Atletismo conveñen a súa colaboración no ámbito deportivo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación Galega de Atletismo comprométese a colaborar coa Concellería de Deportes do Concello de Vigo no fomento, promoción e difusión do deporte e da cultura deportiva, e concretamente a:

1º.- Organizar o evento deportivo relativo á carreira San Silvestre de Vigo 2023, obxecto da subvención, asumindo a responsabilidade única no mesmo e garantindo os medios materiais e humanos necesarios para tal fin, cumprindo cos obxectivos e actividades detalladas no proxecto.

2º.- Asumir todos os gastos que se deriven da organización do evento deportivo.

3º.-Garantir a instalación e equipamentos axeitados ao proxecto contando coas homologacións e permisos necesarios.

4º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades.

5º.- Publicitar de xeito adecuado as actividades recollidas na programación. En todos os casos deberán figurar o logotipo do Concello de Vigo, como colaborador do evento deportivo.

6º.- Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do evento deportivo, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento.



Concello de Vigo

7º.-Que en todas as comunicacións, informacións, páxinas web, redes sociais, vinculadas a dinamización, difusión ou organización do evento deportivo, apareza o logo institucional do Concello de Vigo.

8º.- Invitar ó Concello de Vigo a participar de forma activa na entrega dos premios principais do evento deportivo e á presentación, clausura e demais actos institucionais vinculados co mesmo.

9º.- Que en todas as actividades que se desenvolvan vinculadas co evento deportivo, con independencia dos patrocinios, deberá figurar nun lugar visible a imaxe institucional do Concello de Vigo, e concretamente:

- Nos actos de presentación, clausura e demais actos públicos.
- Nas zonas centrais e de máxima visibilidade na zona do evento, espazo deportivo ou nos arcos de saída ou chegada se os houbera.
- Na páxina principal da WEB da entidade e do evento deportivo, así como en todas as comunicacións oficiais, documentación, entradas (se as houbera), lonas de publicidade ou carteis promocionais.

10º.- Realizar unha memoria do evento deportivo, que recolla resultados, colaboracións, clasificacións, actos, fotografías que inclúan a imaxe institucional durante o desenvolvemento do evento, etc...

11º.-En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

12º.-Atender ás obrigas establecidas na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Facilitar os medios precisos para a inserción da súa imaxe nos ámbitos de promoción da entidade Federación Galega de Atletismo (revista, web, etc).

2º.- Conceder directamente á entidade Federación Galega de Atletismo unha subvención por importe de 25.895,00 € con cargo á partida orzamentaria 3410.4890001 e a súa bolsa de vinculación do orzamento en vigor mediante transferencia bancaria á conta corrente facilitada pola entidade co obxecto de coadxuvar ó financiamento das actividades vinculadas ca organización do evento deportivo "San Silvestre de Vigo 2023". A tramitación do pago da subvención realizarase, seguindo o seguinte procedemento:

- Ata o 50% do importe total da subvención proposta poderá ser abonado trala sinatura do convenio, se a entidade beneficiaria o solicita e mediante transferencia bancaria, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases do proxecto. Para este pago anticipado establécese que a entidade beneficiaria, previo abono da subvención, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositará unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.
- O 50% restante da subvención poderá ser abonado, se a entidade beneficiaria o solicita coa data límite do 22 de decembro de 2023, trala presentación de xustificantes acreditativos de gastos do proxecto obxecto do presente convenio por importe do 50% do total da subvención, para o que depositará unha nova garantía por un importe igual á

cantidade do novo pago anticipado. Os xustificantes cumprarán, ademais, as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, será necesario que conste de forma expresa que os mesmos foron pagados.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quebra, en concurso de acredores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quebra ou de concurso de acredores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

O resto do importe abonarase á entidade beneficiaria logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso o financiamento público unicamente polo importe que rebase o custo total da actividade.

A comunicación desta circunstancia ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional do Concello de



Concello de Vigo

Vigo en calquera actividade ou evento relacionado co obxecto do convenio, na cartellaría, equipamentos de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sétimo.- A beneficiaria deberá xustificar no prazo comprendido entre a celebración do evento e o 15 de xaneiro de 2024 o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar, tal como establece o artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de xeito exclusivo a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de gasto dos gastos incorridos polo importe da subvención.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto do presente convenio cumprirán as seguintes especificades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos será necesario que conste de forma expresa que os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación determinado neste convenio.

- Atendendo á especificade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probatorio do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

Oitavo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Noveno.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen para a organización do evento deportivo “San Silvestre de Vigo 2023”.

Tal como establece o art. 29.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia, serán gastos subvencionables, ademais, os “gastos financeiros” da entidade directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables, establecéndose un límite dos gastos financeiros subvencionables ata un 1% do importe do convenio.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas no art. 118 da Lei de Contratos del Sector público 9/2017, de 8 de novembro, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, agás que por as súas especiais características non exista no mercado suficientes.

Décimo.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. A xefatura do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo primeiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo segundo.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo terceiro.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas

Décimo cuarto.- A vixencia do presente convenio abarca o período comprendido entre a sinatura do mesmo e ata o 15 de xaneiro de 2024 co obxecto de proceder á tramitación da xustificación do mesmo.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Décimo sexto- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Así mesmo, rexerá polo establecido no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Derivado da súa natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a súa execución serán sometidas ao coñecemento dos Xulgados e Tribunais da Orde Xurisdiccional Contenciosa-Administrativo, de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo sétimo- Publicarase a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello de Vigo e comunicarase á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1 c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Décimo oitava.- O mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución deste convenio establécese en base as memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a información da que dispoña o persoal técnico do Servizo de Deportes, das actividades realizadas. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que se poidan plantexar.

Décimo novena.- En canto as consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, estableceranse ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, no disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e na Lei 39/2015.

Vixésima.- En relación o réxime de modificación do convenio, calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses, a súa modificación requirirá acordo unánime dos asinantes.

Vixésima primeira.- A resolución o acordo de concesión se poderá modificar, a solicitude do beneficiario, cando circunstancias sobrevidas e imprevisibles supoñan unha alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, sempre que as mesmas non desvirtúen a natureza ou obxectivos de subvención concedida, que a modificación non dane dereitos de terceiros e que a solicitude se presente antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Vixésima segunda.- En relación á extinción e resolución:

1. O Convenio extínguese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.
2. Son causas de resolución do Convenio:
 - a) O transcurso do prazo de vixencia do Convenio sen acordarse a súa prórroga.
 - b) O acordo unánime dos asinantes.
 - c) A resolución do Convenio por esta causa poderá implicar a indemnización dos prexuízos causados se así se previu.
 - d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.
 - e) O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

E, en proba da súa conformidade, firman electronicamente o presente convenio, en Vigo, na data da sinatura electrónica.

8(916).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE ALARMA CONTRA ROUBO E INTRUSIÓN, CONEXIÓN A CENTRAL RECEPTORA DE ALARMAS E SERVIZO DE CUSTODIA DE CHAVES E ACUDA. EXPTE. 23102/332.

Visto o informe xurídico do 25/10/2023 e o informe de fiscalización do 31/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/10/2023, asinado pola xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 14 de outubro de 2021, aprobou o expediente de contratación dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo (expediente 23102/332), por procedemento aberto, así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 14/06/2021 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 22/09/2021 que rexen a licitación, aprobando tamén o gasto por importe de 107.744,45 euros e acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adxudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 10 de decembro de 2021 acordou, entre outros, adxudicar a SISTEMAS DE SEGURIDADE A1 S.L. o procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento dos sistemas de alarma contra roubo e intrusión, conexión a central receptora de alarmas e servizo de custodia de chaves e acuda (expediente 23102/332), coas seguintes condicións:

- a) Propón como prezo total do contrato o de 102.600,01 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.806,61 euros.
- b) Propón a instalación completa de 10 unidades de detectores volumétricos (incluído cableado) para incrementar a seguridade dos edificios.



Concello de Vigo

c) Propón como tempo de resposta do servizo de acuda ante aviso de CRA o de menos de 1 hora.

d) Incrementa o importe mínimo esixido na cláusula 5.2.2 do PPT (2.000 €/ano sen IVE) destinado ao mantemento correctivo en 1.800,00 euros.

e) Propón como tempo de resposta ante avarías que ocasionen que os equipos non funcionen o de menos de 16 horas.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 14/10/2021 e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) PRAZO TOTAL: 2 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non se fixan

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: 2, dun ano de duración cada unha.

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 5 de xaneiro de 2023 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, estabelecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O prazo do contrato será de dous anos, contado a partir do 16 de xaneiro de 2022. Están previstas dúas prórrogas de un ano cada unha.”*

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.*

En data 5 de outubro de 2023, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a primeira prórroga de un ano para o contrato dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo, conforme ao estipulado no mesmo .

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo por parte da empresa actualmente adxudicataria (Sistemas de Seguridade A1 S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da primeira prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 16/01/2024 e o 15/01/2025.

7.- Prezo: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 102.600,01 euros, sendo o prezo por anualidade de 51.300,00 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato (FEC) indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a primeira prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 51.300,00 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 49.162,50 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2024 (do 16 de xaneiro ata 30 de decembro) e 2.137,50 euros con cargo ao exercicio 2025 (do 1 ao 15 de xaneiro) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3230.227.9901 (Central de alarmas) dos exercicios 2024 e 2025, conforme á anterior división.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a primeira prórroga do contrato para os dos servizos de seguridade dos Colexios Públicos e Escolas Municipais dependentes do Concello de Vigo (expte. 23102/332), adxudicado a Sistemas de Seguridade A1 S.L., CIF B-215.259.765, para o período comprendido entre o 16/01/2024 e o 15/01/2025, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Asumir o compromiso de incluír nos orzamentos dos exercicios futuros o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 51.300,00 euros (42.396,69 euros máis 8.903,310 euros en concepto de IVE) correspondente a esta prórroga, co seguinte desglose por anualidades:

- No exercicio orzamentario 2024 (de 16/01 a 31/12): 49.162,50 euros.
- No exercicio orzamentario 2025 (de 01/01 a 15/01): 2.137,50 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(917).- PROXECTO DE CONVENIO COA “UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “ACTIVIGO” DE ASESORAMENTO DE PERSOAS AFECTADAS POR ERTE E PERSOAS DESEMPREGADAS. EXPTE. 19972/77.

Visto o informe de fiscalización do 31/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/10/2023, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES



Concello de Vigo

I. D. José Luis Fernández Celis, co DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, co NIF G15383011 solicita, mediante escrito remitido en data 22/03/23 a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo (nº de doc. 230073815 e 230073823, e con data 17/04/2023 o doc. nº 230091224) a colaboración do Concello de Vigo para a subscrición dun convenio para o desenvolvemento do "Programa ACTIVIGO", achegando a seguinte documentación complementaria:

- acordo da comisión executiva de solicitude do convenio.
- autorización expresa para a consulta de datos fiscais, DNI do representante e NIF da entidade.
- declaración responsable de non ter solicitada ningunha outra axuda de administracións ou entidades públicas para o fomento do emprego.
- certificado de titularidade da conta bancaria.
- poder notarial de representatividade da entidade.
- declaración xurada de que a entidade non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria previstas no art. 10 da Lei de Subvencións de Galicia e no art. 13 da Lei Xeral de Subvencións; e de non atoparse en ningunha das situacións indicadas no art. 34 da Lei Xeral de Subvencións e art. 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia, que lle impidan a percepción do pago anticipado; e que son certos todos os datos reflectidos na documentación achegada para tramitar este procedemento de convenio.
- orzamento do proxecto Activigo
- memoria de actividades do Proxecto Activigo

II. A devandita entidade consta inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións co nº 488-96, no epígrafe 5.1.

III. Nos vixentes orzamentos do Concello de Vigo, consta a partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do Emprego", por importe de 37.000,00 €.

IV. En data 04/04/2023 a Tenente de Alcalde e concelleira delegada de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio ao ter por obxecto o fomento do emprego para a realización de diversas liñas de actuación, encamiñadas ao asesoramento das persoas traballadoras afectadas polo ERTE, e mellorar as expectativas de emprego das persoas desempregadas, sendo preciso para o interese xeral.

V. A petición do servizo de Emprego, expídese certificación de data 05/04/2023 do adxunto do tesoureiro municipal, acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo. Tamén se obtivo:

- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Estatal Tributaria expedido en data 04/04/2023.
- certificación de non ter débedas pendentes coa Axencia Tributaria de Galicia expedido en data 04/04/2023.
- certificación de estar ao corrente das súas obrigas coa Tesourería Xeral da Seguridade Social expedido en data 04/04/2023.

VI. Por indicación do departamento de Intervención achégase novo orzamento do proxecto Activigo indicando a porcentaxe de adicación do persoal subvencionado a este proxecto, así como, corríxese erro na cláusula oitava do Convenio para eliminar o parágrafo que determina que non será necesaria a acreditación do pagamento dos xustificantes de gasto por ser contradictorio co parágrafo anterior.

VII. A xefa de servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, co conforme da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, asina a memoria xustificativa e o texto do convenio que se propón para aprobación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Obxecto:

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á “Unión General de trabadores de Galicia” no marco do plan municipal de emprego, mediante o desenvolvemento do Programa ACTIVIGO, no deseño e dirección das políticas activas de emprego, de cara a mellorar a empregabilidade mediante a realización de diversas liñas de actuación encamiñadas ao asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego ou que perdesen o seu posto de traballo, acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención á orientación laboral e formación básica, recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións e, difusión da información a través do persoal da estrutura da organización.

II. Procedemento de concesión directa:

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) e c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.5.2 das de Execución dos Orzamentos xerais do Concello de Vigo do 2023, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e as certificacións achegadas ao expediente, a Unión General de trabadores de Galicia non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

A vixencia do convenio será dende a sinatura do convenio ata o 31/12/2023.



Concello de Vigo

III. Suxeitos que asinan o convenio e capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes:

Por unha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio; correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude (Resolución Alcaldía 19/06/23, BOPPO nº 123 do 27/06/23).

Pola outra parte, asinará o convenio don D. José Luis Fernández Celis, co DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da UGT de Galicia, co NIF G15383011, ou representante debidamente acreditado, de ser precisa a súa substitución, segundo resultou acreditado mediante poder notarial referido nos antecedentes.

IV. Competencia administrativa na que se fundamenta a actuación da Administración Pública:

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG.

Na memoria consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscripción do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores desde o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais. A este respecto, compre subliñar que

corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia; sendo de especial relevancia o desenvolvemento da dimensión local da política de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 3/2023, de 28 de febreiro, de Emprego.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás repercusións económicas e sociais provocadas pola situación económica debida, especialmente, á inflación e a invasión rusa de Ucraína.

Nesta liña, e mediante resolución de delegación de competencias da Alcaldía, de 19 de xuño de 2023, se encomendou a Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras. Deste xeito, dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, debemos de ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio á mocidade e ás persoas desempregadas de longa duración, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

IV. Contía total e crédito orzamentario:

O importe do convenio de 37.000,00 € imputaranse con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de xestión e organización das actividades previstas, tendo en conta o prazo de execución do proxecto (01/01/20223 ao 30/09/2023).

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as



Concello de Vigo

actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

V. Normativa de aplicación:

A tenor do disposto no artigo 48.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, cando o convenio instrumente unha subvención deberá cumprir co previsto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na normativa autonómica de desenvolvemento que, no seu caso, resulte aplicable. Xa que logo, resulta de aplicación o previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado de réxime xurídico do sector público, en materia de réxime local e de procedemento administrativo común das Administracións públicas; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2023, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

VI. Prazo e forma de xustificación da subvención mediante tramitación electrónica:

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a entidade solicitante está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa

por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola 'Unión General de Trabaxadores de Galicia' mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. Explíciase no pacto oitavo a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada no convenio, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará **o 26 de outubro de 2023**.

VII. Publicidade:

A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros

A presente subvención rexistrarase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

VIII. Órgano competente:

O art. 9.4 da LXS e o art. 6.4 da LSG establecen coma requisitos previos de outorgamento de subvencións: a competencia do órgano concedente, a existencia de crédito axeitado e suficiente, a tramitación do correspondente procedemento, a fiscalización previa e a aprobación do gasto polo órgano competente.

O artigo 74 da LSG establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade co artigo 127.g) da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LMMGL), correspóndelle á Xunta de Goberno Local o desenvolvemento da xestión económica, autorizar e dispor gastos en materia da súa competencia, dispor gastos previamente autorizados polo Pleno e a xestión do persoal.



Concello de Vigo

IX. Recursos:

De conformidade cos artigos 52.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/1986, do 28 de novembro, as resolucións da Xunta de Goberno Local poñen fin á vía administrativa.

Segundo os artigos 132 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido dos informes de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade da Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, nos termos das delegacións competenciais efectuadas na Resolución Alcaldía do 19/06/23, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1) Aprobar o texto do convenio que se achega ao presente acordo entre o Concello de Vigo e a "Unión General de Trabaxadores de Galicia", co NIF G15383011 no marco do plan municipal de emprego, para o desenvolvemento do Programa Activigo.
- 2) Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, como contrapartida do estipulado no presente convenio de colaboración, con cargo á partida 2410 4800001 "Convenio UGT Fomento do Emprego", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2023.
- 3) Facultar á Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude
- 4) Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da

Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “**UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA**” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA A **PARA DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “ACTIVIGO” DE ASESORAMENTO DE PERSOAS AFECTADAS POR ERTE E PERSOAS DESEMPREGADAS** (EXPTE. 19972/77)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, D^a. Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Terceira Tenente de Alcalde e concelleira da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, en nome e representación do Concello de Vigo co NIF P3605700H e enderezo na Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. José Luis Fernández Celis, co DNI 34939808W, en calidade de Secretario de Organización e Administración da Comisión Executiva da Unión General de trabaxadores de Galicia, co CIF G-5383011 e domicilio social na Rúa E. Heraclio Botana, 2 / Avda. García Barbón, 67, de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 19413-77, persoa responsable da sinatura do presente convenio segundo poder notarial presentado no Rexistro electrónico do Concello de Vigo o 22/03/2023.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para subscribir o outorgamento de presente convenio e

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar dos seus cidadáns, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a *continuidade na prestación dos servizos xa establecidos* (apartado terceiro a) nin a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores* (apartado terceiro b); como é o



Concello de Vigo

caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores dende o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego mediante a sinatura de convenios coa **"UNIÓN GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA"**, para o desenvolvemento do "Proxecto ACTIVIGO"

Neste marco normativo, cómpre subliñar que o fomento do emprego constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal (acordo da Xunta de Goberno Local do 09/03/2012) en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables, especialmente necesario nas circunstancias actuais, atendendo ás repercusións económicas e sociais provocadas, especialmente, pola situación da guerra de Ucraína e a inflación.

Dentro do fomento do emprego, na cidade de Vigo, cómpre ter en conta os novos nichos de emprego, así como, a formación e experiencia das organizacións sindicais, que contribúen á defensa e promoción dos intereses sociais mediante o apoio ás mulleres, persoas mozas, desempregadas de longa duración e persoas que se atopen en especial risco de vulnerabilidade e exclusión social, incrementando o acceso ás ofertas de novos empregos, así como, acompañando na busca dunha mellor situación ou posición no mercado laboral das persoas destinatarias dos programas, todo o cal ven a favorecer a consecución dun dos obxectivos que persegue a política municipal do Concello de Vigo, cal é, o da inserción social e laboral da cidadanía.

A estratexia polo emprego que supón esta iniciativa non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración co entramado laboral, educativo, veciñal e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción da cidadanía co mercado laboral, así como a potenciación do emprego das persoas máis vulnerables cara a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, e para iso cómpre poñer á súa disposición tanta información e orientación sexa posible, e moi especialmente das mulleres, persoas mozas, desempregadas de longa duración e persoas que se atopen en especial risco de vulnerabilidade e exclusión social e que se concretan na realización dunha serie de actividades informativas e participativas, fomentando mediante o coñecemento e, a súa implicación a creación de emprego, procurando que os custes do convenio de colaboración sexan inferiores aos que asumiría o Concello de asumir estas funcións propias a Unión General de Trabajadores de Galicia.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de especial dificultade económica, acadar mediante a contratación directa ou indirecta e a formación de persoas desempregadas o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de persoas desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coa Unión General de Trabajadores de Galicia.

A colaboración coa Unión General de Trabajadores de Galicia, dentro do marco do fomento do emprego, permitirá que por medio do persoal do propio sindicato, con un gran coñecemento do entorno laboral e experiencia no apoio ás mulleres, persoas mozas, desempregadas de longa duración e persoas que se atopen en especial risco de vulnerabilidade e exclusión social, permitirá desenvolver políticas de busca de emprego, de tal xeito que lles permita a súa incorporación ao mundo laboral.

MANIFESTAN

I.- Que a Unión General de Trabaxadores de Galicia, conforme á súa proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo nas datas 22/03/2023, cos nº de doc. 230073815 e 230073823, e con data 17/04/2023 o documento nº 230091224, ten entre outros, os seguintes obxectivos:

1. Asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego ou que perdesen o seu posto de traballo.

2. Acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención a:

- Orientación laboral.
- Obradoiro de Alfabetización e Novas tecnoloxías: Competencias dixitais básicas.
- Obradoiro de Técnicas de procura de Emprego.
- Obradoiro de Perspectiva de xénero.
- Obradoiro de Contextualización sociolaboral: Orientación
- Curso de Prevención de Riscos Laborais nivel básico (50h)

3. Recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.

4. Difusión da información a través de:

- Programación de reunións de traballo.
- Atención directa.
- Contacto e negociacións con diferentes asociacións e organizacións empresariais.
- Acompañamento e axuda na inscrición aos Programas.
- Información e difusión, aproveitando actos que desenvolve o sindicato, xuntanzas de traballo de carácter organizativo, encontros e xornadas con persoas afiliadas e delegadas das diferentes empresas e sectores para dar a coñecer este programa para conseguir o mellor resultado do mesmo.

5. Colaboracións con asociacións e organizacións empresariais. Baixo esta óptica manteranse xuntanzas de traballo coas diferentes organizacións empresarias con implantación en Vigo (Anfaco-Cecopesca, Asime, Anged, Arvi, Asociación de empresarios de construción e obra pública, Federación de Comercio e Asociacións de comerciantes e hostelería...), co obxectivo de manter canles de comunicación permanente que axuden a detectar as súas necesidades e así facilitar ás persoas usuarias do programa unha mellor proxección para o seu desenvolvemento laboral, e ás empresas a cubrir as súas necesidades.

II.- Que o Concello de Vigo recoñece á Unión General de Trabaxadores de Galicia a condición de participante a contribuír na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da empregabilidade contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

Dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar con todos os entes, organismos, administracións, axentes sociais, etc, máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de laboral-formativo e experiencia que permitan lograr que as persoas traballadoras sexan actores clave na mellora da situación económica actual fomentando a contratación dos colectivos máis desfavorecidos, así como de persoal cualificado cara á mellora da súa empregabilidade redundando no beneficio da cidade en xeral, e das persoas desempregadas en particular.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.



Concello de Vigo

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Unión General de Trabaxadores de Galicia entre as persoas desempregadas de todos os sectores e idades, e a falta de persoal especializada na elaboración deste tipo de traballos de difusión, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2023, para o desenvolvemento dun convenio coa UGT para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto de axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao por a disposición delas canta información, formación básica e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego das mulleres, persoas mozas, desempregadas de longa duración e persoas que se atopen en especial risco de vulnerabilidade e exclusión social.

V.- Que a Unión General de Trabaxadores de Galicia non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público e social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Unión General de Trabaxadores de Galicia, o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Unión General de Trabaxadores de Galicia comprométese a colaborar coa Concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude do Concello de Vigo en canto a desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables a recuperar a ilusión pola incorporación ou reincorporación ao mercado laboral, ao pór a disposición deles canta información, obradoiros formativos e orientación sexa posible, mediante o desenvolvemento dunha campaña a nivel municipal, dividida en diversas liñas de actuación, encamiñadas a mellorar as expectativas de emprego as mulleres, persoas mozas, desempregadas de longa duración e persoas que se atopen en especial risco de vulnerabilidade e exclusión social.

Asumir a programación, organización e xestión, sempre co acordo do servizo xestor e da concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, das seguintes actividades:

- Asesoramento sindical e xurídico das persoas afectadas por expedientes de regulación de emprego ou que perderan o seu posto de traballo.
- Acompañamento na reincorporación ao posto de traballo prestando especial atención a:
- Orientación laboral.
- Obradoiro de Alfabetización e Novas tecnoloxías: Competencias dixitais básicas.
- Obradoiro de Técnicas de procura de Emprego.

- Obradoiro de Perspectiva de xénero.
- Obradoiro de Contextualización sociolaboral: Orientación
- Curso de Prevención de Riscos Laborais nivel básico (50h)
- Recompilación de toda a información existente respecto das medidas ordinarias e extraordinarias no eido económico, laboral, social e de todos os programas de fomento de emprego das diferentes administracións.
- Difusión da información a través de:
 - Programación de reunións de traballo.
 - Atención directa.
 - Contacto e negociacións con diferentes asociacións e organizacións empresariais.
 - Acompañamento e axuda na inscrición aos Programas.
 - Información e difusión, aproveitando actos que desenvolve o sindicato, xuntanzas de traballo de carácter organizativo, encontros e xornadas con persoas afiliadas e delegadas das diferentes empresas e sectores para dar a coñecer este programa para conseguir o mellor resultado do mesmo.
- Colaboracións con asociacións e organizacións empresariais. Baixo esta óptica manteranse xuntanzas de traballo coas diferentes organizacións empresarias con implantación en Vigo (Anfaco-Cecopesca, Asime, Anged, Arvi, Asociación de empresarios de construción e obra pública, Federación de Comercio e Asociacións de comerciantes e hostelería...), co obxectivo de manter canles de comunicación permanente que axuden a detectar as súas necesidades e así facilitar ás persoas usuarias do programa unha mellor proxección para o seu desenvolvemento laboral, e ás empresas a cubrir as súas necesidades.
 - Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, o lugar, datas e duración das accións a desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite realización dalgunha das actividades previstas.
 - No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Emprego.
 - Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude- como **patrocinador** das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
 - Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
 - Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
 - Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
 - En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

- Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.



Concello de Vigo

- Respetar a estrutura organizativa da Unión General de Trabaxadores de Galicia.
- Conceder directamente á Unión General de Trabaxadores de Galicia unha subvención por importe de 37.000,00 €, dos que 36.500,00 € corresponden aos custes salariais e de seguridade social do persoal da propia entidade e 500,00 € para gastos correntes, necesarios para o desenvolvemento do proxecto, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4800001 “Convenio UGT Fomento do emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do ano 2023, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

-Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

–A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.

–En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.

–A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Emprego da Concellaría da Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

Sétimo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

A presente subvención rexistrarase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Unión General de Trabaxadores de Galicia mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación finalizará o **26 de outubro de 2023**.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente.

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e



Concello de Vigo

lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectirase nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o **NIF**, a **data**, o **número** de factura e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

- As retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Boletíns de cotización á Seguridade Social: Recibo de liquidación de cotizacións (tc1) e Relación nominal de traballadores (tc2), ou documento equivalente expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Nóminas correspondente aos meses imputados.
- Modelo 111 (retencións e ingresos a conta do IRPF) e xustificantes do seu pagamento.
- Documentos bancarios correspondentes que xustifiquen o pagamento das nóminas do persoal (transferencia bancaria, cheque nominativo, certificacións)

Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 01 de xaneiro e o 30 de setembro de 2023.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Emprego dependente da Concellaría de Cultura e Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu orzamento, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e o previsto nas Lei 39 e 40, do 1 de outubro de 2015 e Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril.

Décimo quinto.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito



Concello de Vigo

a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

Décimo sexto.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Unión General de Trabajadores de Galicia no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo oitavo.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o 31/12/2023.

E, en proba da súa conformidade, asinan electrónicamente o presente convenio, en data das devanditas sinaturas

10(918).- RECTIFICACIÓN DE ERROS NA SOLICITUDE DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (MARCO DO PRTR-NEXTGENERATION EU). EXPTE. 8504/252.

Dáse conta do informe-proposta de data 06/11/2023, asinado polo xefe de Limpeza e o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 27 de outubro de 2023, acordou aprobar a «SOLICITUDE DE AXUDAS AO ABEIRO DA ORDE DO 1 DE XUÑO DE 2023 PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS A ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA O FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (MARCO DO PRTR-NEXTGENERATION EU)».

A parte dispositiva do acordo é do seguinte tenor literal:

«**Primeiro:** Aprobar os proxectos para os que se solicita a subvención. Os proxectos desenvolveranse de acordo co seguinte programa de actuación e alcance económico:

Proxecto a presentar na Liña 1:

Proxecto de ampliación da recollida separada da materia orgánica

cos seguintes materiais empregados no proxecto:

1. 17.000 CALDEIROS DOMÉSTICOS DE BIORRESIDUOS
2. 51.000 ATADOS DE BOLSAS COMPOSTABLES DE USO DOMÉSTICO
3. 615 CONTEDORES DE CARGA LATERAL
4. 700 SACAS DE RAFIA
5. 3.400 ATADOS DE BOLSAS COMPOSTABLES EMPRESAS
6. 2 CAMIÓN RECOLECTORES
7. DESENVOLVEMENTO DE DÚAS LIÑA GRÁFICAS, UNHA PARA A CAMPAÑA EN XERAL E OUTRA PARA DIRIXIRSE AOS CENTROS ESCOLARES. IMPRIMIRANSE 80.000 FOLLETOS PARA A CIDADANÍA E 1.700 PARA OS MEDIANOS E GRANDES PRODUTORES. IMPRIMIRANSE 1.700 DISTINTIVOS, FABRICARANSE 19.500 IMÁNS PARA OS ESCOLARES QUE ASISTAN ÁS 260 ACCIÓNS FORMATIVAS.

Co seguinte detalle económico por anualidades:

LIÑA 1: Proxecto de ampliación da recollida separada da materia orgánica ANUALIDADE 2023					
CONCEPTO	INVESTIMENTO POR CONCEPTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	% COFINANCIAMENTO	IMPORTE COFINANCIAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA A ANUALIDADE
Cubos domésticos de biorresiduos, 17.000 uds.					
0 uds ano 2023	€4,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Bolsas compostables de uso doméstico, 51.000 uds.					
0 uds ano 2023	€3,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Contedores para a vía pública, 615 uds					
157 uds ano 2023	€1.130,42	€177.475,94	10%	€17.747,59	€159.728,35
Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais, 700 uds.					
0 uds ano 2023	€14,56	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores, 3.400 uds.					
0 uds ano 2023	€6,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Camións para a recollida de biorresiduos, preferiblemente non compactadores, 2 uds.					



Concello de Vigo

0 uds ano 2023	€200.000,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto					
1,844% ano 2023	€542.299,35	€10.000,00	10%	€1.000,00	€9.000,00
Campaña de información, difusión e sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto					
0,00% ano 2023	€73.644,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Parte ano 2023		€187.475,94		€18.747,59	€168.728,35

**LIÑA 1: Proxecto de ampliación da recollida separada da materia orgánica
ANUALIDADE 2024**

CONCEPTO	INVESTIMENTO POR CONCEPTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	% COFINANCIAMENTO	IMPORTE COFINANCIAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA A ANUALIDADE
Cubos domésticos de biorresiduos, 17.000 uds.					
17.000 uds ano 2024	€4,00	€68.000,00	10%	€6.800,00	€61.200,00
Bolsas compostables de uso doméstico, 51.000 uds.					
51.000 uds ano 2024	€3,00	€153.000,00	10%	€15.300,00	€137.700,00
Contedores para a vía pública, 615 uds					
458 uds ano 2024	€1.130,42	€517.732,36	10%	€51.773,24	€465.959,12
Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais, 700 uds.					
700 uds ano 2024	€14,56	€10.192,00	10%	€1.019,20	€9.172,80
Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores, 3.400 uds.					
3.400 uds ano 2024	€6,00	€20.400,00	10%	€2.040,00	€18.360,00
Camións para a recollida de biorresiduos, preferiblemente non compactadores, 2 uds.					
2 uds ano 2024	€200.000,00	€400.000,00	10%	€40.000,00	€360.000,00
Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto					
98,156% no 2024	€542.299,35	€532.300,00	10%	€53.230,00	€479.070,00
Campaña de información, difusión e sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto					
100% ano 2024	€73.644,00	€73.644,00	10%	€7.364,40	€66.279,60
Parte ano 2024		1.775.268,36 €		€177.526,84	€1.597.741,52

Proxecto a presentar na Liña 2:

Proxecto de separación e reciclaxe en orixe da materia orgánica mediante a compostaxe doméstica "in situ"

cos seguintes materiais empregados no proxecto:

1. 3.000 COMPOSTEIROS DOMÉSTICOS DE 360 LITROS
2. 3.000 CALDEIROS DOMÉSTICOS DE BIORRESIDUOS
3. 3.000 KITS DE COMPOSTAXE QUE CADA UN CONTARÁ CUN AIREADOR (EN ACEIRO INOXIDABLE DE 100 CM LARGO, CON HÉLICE DE 20 CM DE LARGO Y 10 DE DIÁMETRO), UNHA REDE ANTIRROEDORES DE 1X1 CM (EN PLÁSTICO DE COLOR VERDE) E UN MANUAL DE COMPOSTAXE (IMPRESO



Concello de Vigo

A TODA COR CON TODA A INFORMACIÓN NECESARIA PARA A REALIZACIÓN DA COMPOSTAXE).

4. CADA UNHA DAS INSTALACIÓNS DE COMPOSTEIROS INDIVIDUAIS PREVISTAS NESTE PROXECTO CONTARÁ CUNHA PRIMEIRA VISITA DE MONTAXE E FORMACIÓN E UNHA SEGUNDA VISITA VARIAS SEMANAS DESPOIS PARA AXUDAR NA MELLORA DE PEQUENAS CUESTIÓNS A MELLORAR E ACLARA DÚBIDA

Co seguinte detalle económico por anualidades:

LIÑA 2: Proxecto de separación e reciclaxe en orixe da materia orgánica mediante a compostaxe doméstica "in situ"					
ANUALIDADE 2023					
CONCEPTO	INVESTIMENTO POR CONCEPTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	% COFINCIAMENTO	IMPORTE COFINANCIA MENTO	SUBVENCIO N SOLICITAD A PARA A ANUALIDAD E
Cubos domésticos de biorresiduos, 3.000 uds.					
0 uds ano 2023	€4,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Compostadores domésticos, 3.000 uds.					
0 uds ano 2023	€78,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Kits con aireadores, termómetros e tamizadores para compostaxe doméstica, 3.000 uds					
0 uds ano 2023	€30,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto, 1 ud.					
20,9804% ano 2023	€306.000,00	€64.200,00	10%	€6.420,00	€57.780,00
Parte ano 2023		€64.200,00		€6.420,00	€57.780,00

LIÑA 2: Proxecto de separación e reciclaxe en orixe da materia orgánica mediante a compostaxe doméstica "in situ"					
ANUALIDADE 2024					
CONCEPTO	INVESTIMEN TO POR CONCEPTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	% COFINANC IAMENTO	IMPORTE COFINANCIA MENTO	SUBVENCIO N SOLICITADA PARA A ANUALIDAD E
Cubos domésticos de biorresiduos, 3.000 uds.					
3.000 uds ano 2024	€4,00	€12.000,00	10%	€1.200,00	€10.800,00

Compostadores domésticos, 3.000 uds.					
3.000 uds ano 2024	€78,00	€234.000,00	10%	€23.400,00	€210.600,00
Kits con aireadores, termómetros e tamizadores para compostaxe doméstica, 3.000 uds					
3.000 uds ano 2024	€30,00	€90.000,00	10%	€9.000,00	€81.000,00
Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto, 1 ud.					
79,0196% ano 2024	€306.000,00	€241.800,00	10%	€24.180,00	€217.620,00
Parte ano 2024		€577.800,00		€57.780,00	€520.020,00

Importe da axuda: 90 % da actuación sen IVE, do que resulta:

	ANO 2023		
	CUSTO PROXECTO	COFINANCIAMENTO	AXUDA SOLICITADA
LIÑA 1	187.475,94€	18.747,59€	168.728,35€
LIÑA 2	64.200,00€	6.420,00€	57.780,00€
TOTAL	251.675,94€	25.167,59€	226.508,35€

	ANO 2024		
	CUSTO PROXECTO	COFINANCIAMENTO	AXUDA SOLICITADA
LIÑA 1	1.775.268,36€	177.526,84€	1.597.741,52€
LIÑA 2	577.800,00€	57.780,00€	520.020,00€
TOTAL	2.353.068,36€	235.306,84€	2.117.761,52€

	LIÑA 1		
	CUSTO PROXECTO	COFINANCIAMENTO	AXUDA SOLICITADA
ANO 2023	187.475,94€	18.747,59€	168.728,35€
ANO 2024	1.775.268,36€	177.526,84€	1.597.741,52€
TOTAL	1.962.744,30€	196.274,43€	1.766.469,87€

	LIÑA 2		
	CUSTO PROXECTO	COFINANCIAMENTO	AXUDA SOLICITADA
ANO 2023	64.200,00€	6.420,00€	57.780,00€
ANO 2024	577.800,00€	57.780,00€	520.020,00€
TOTAL	642.000,00€	64.200,00€	577.800,00€



Concello de Vigo

Resumen de actuacións, importes e anualidades:

	2023		2024		TOTAL SUBVENCIÓN SOLICITADA
	TOTAL PROXECTO	% COFINANCIACIÓN	TOTAL PROXECTO	% COFINANCIACIÓN	
LÍÑA 1	187.475,94€	(10%) 18.747,59€	1.775.268,36€	(10%) 177.526,84€	1.766.469,87€
LÍÑA 2	64.200,00€	(10%) 6.420,00€	577.800,00€	(10%) 57.780,00€	587.800,00€

Segundo: Aprobar a participación do Concello de Vigo na convocatoria regulada pola “ORDE do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva para os anos 2023 e 2024 (código de procedemento MT975P), en relación as actuación recollidas nas Liñas 1 e 2. Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia)”, e Liña 2: “Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ)”, aceptando de forma expresa o procedemento regulado nesta orde.

Terceiro: Aprobar o compromiso de que o Concello de Vigo a través do “Servizo de Limpeza e Xestión de Residuos” disporá de todos os medios humanos, técnicos e orzamentarios necesarios para executar os proxectos aprobados e garantir a súa operatividade dentro do prazo establecido para a súa xustificación no período dos anos 2023 e 2024.

Cuarto: Delegar no Segundo Tenente de Alcalde e Concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos, D. Fco. Javier Pardo Espiñeira a competencia para a formalización da solicitude de subvención na convocatoria regulada pola “ORDE do 1 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975P), en relación as actuacións recollidas nas Liñas 1 e 2. Liña 1:



Concello de Vigo

Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ou dixestión anaerobia)", e Liña 2: "Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresiduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ)". Todo elo de acordo aos proxectos indicados no punto primeiro deste acordo.

Dita delegación alcanza a todos os efectos, a conformación final do contido da documentación obrigatoria en relación á memoria técnica e resúmen executivo sobre as actuacións incluídas nos proxectos aprobados no apartado primeiro, así como a execución de todos os trámites administrativos necesarios que requira a presentación da mesma na sede electrónica da Xunta de Galicia».

II.- No texto do anterior acordo incorreuse nun erro no orzamento detallado do proxecto de ampliación de recollida separada da materia orgánica a presentar na liña 1, en relación co «Deseño da campaña».

Así, a este respecto reflíctese:

LIÑA 1	UNIDADES	PREZOS	2023	2024
DESEÑO DA CAMPAÑA	2	€6.500,00	€10.000,00	€3.000,00

De xeito que onde di debería dicir:

Sen embargo, o prezo correcto do «Deseño da campaña» e as anualidades da súa execución son as que seguen

LIÑA 1	UNIDADES	PREZOS	2023	2024
DESEÑO DA CAMPAÑA	2	€9.721,39	€19.442,77	0.00

III.- Tamén incorreuse nun erro no cadro resúmen de actuacións, importe e anualidades, en relación a Liña 2:

Así, onde di:

LÍÑA 2	64.200,00€	(10%) 6.420,00€	577.800,00€	(10%) 57.780,00€	587.800,00€
--------	------------	-----------------	-------------	---------------------	--------------------

Debe dicir

LÍÑA 2	64.200,00€	(10%) 6.420,00€	577.800,00€	(10%) 57.780,00€	577.800,00€
--------	------------	-----------------	-------------	---------------------	--------------------

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- Trátase de erros materiais e aritméticos que deben ser corrixidos ao abeiro do artigo 109.2 LPACAP: «2. Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos».

II.- A corrección de erros non altera o contido económico do acordo adoptado, fiscalizado favorablemente segundo informe da Intervención Xeral Municipal de data 29 de agosto de 2023.

III.- É competente para rectificar os erros materiais e aritméticos que van ditos a Xunta de Goberno Local, autora do acto a rectificar.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Rectificar os erros identificados na parte expositiva do presente acordo de xeito que o contido correcto das taboas que figuran no acordo inicialmente aprobado quedan como seguen:

LIÑA 1: Proxecto de ampliación da recollida separada da materia orgánica ANUALIDADE 2023					
CONCEPTO	INVESTIMENTO POR CONCEPTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	% COFINANCIAMENTO	IMPORTE COFINANCIAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA A ANUALIDADE
Cubos domésticos de biorresiduos, 17.000 uds.					
0 uds ano 2023	€4,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Bolsas compostables de uso doméstico, 51.000 uds.					
0 uds ano 2023	€3,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Contedores para a vía pública, 615 uds					
157 uds ano 2023	€1.130,42	€177.475,94	10%	€17.747,59	€159.728,35
Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais, 700 uds.					
0 uds ano 2023	€14,56	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores, 3.400 uds.					
0 uds ano 2023	€6,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Camións para a recollida de biorresiduos, preferiblemente non compactadores, 2 uds.					
0 uds ano 2023	€200.000,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto					



Concello de Vigo

3,54% ano 2023	€548.742,77	€19.442,77	10%	€1.944,270	€17.498,49
Campaña de información, difusión e sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto					
0,00% ano 2023	€73.644,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Parte ano 2023		€196.918,71		€19.691,87	€177.226,84

LIÑA 1: Proxecto de ampliación da recollida separada da materia orgánica ANUALIDADE 2024					
CONCEPTO	INVESTIMENTO POR CONCEPTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	% COFINANCIAMENTO	IMPORTE COFINANCIAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA A ANUALIDADE
Cubos domésticos de biorresiduos, 17.000 uds.					
17.000 uds ano 2024	€4,00	€68.000,00	10%	€6.800,00	€61.200,00
Bolsas compostables de uso doméstico, 51.000 uds.					
51.000 uds ano 2024	€3,00	€153.000,00	10%	€15.300,00	€137.700,00
Contedores para a vía pública, 615 uds					
458 uds ano 2024	€1.130,42	€517.732,36	10%	€51.773,24	€465.959,12
Sacas reutilizables para a recollida de restos vexetais, 700 uds.					
700 uds ano 2024	€14,56	€10.192,00	10%	€1.019,20	€9.172,80
Bolsas e fundas compostables para biorresiduos de grandes xeradores, 3.400 uds.					
3.400 uds ano 2024	€6,00	€20.400,00	10%	€2.040,00	€18.360,00
Camións para a recollida de biorresiduos, preferiblemente non compactadores, 2 uds.					
2 uds ano 2024	€200.000,00	€400.000,00	10%	€40.000,00	€360.000,00
Campaña de información, difusión e sensibilización á poboación e seguimento do proxecto					
96,46% no 2024	€548.742,77	€529.300,00	10%	€52.930,00	€476.370,00
Campaña de información, difusión e sensibilización aos grandes xeradores e seguimento do proxecto					
100% ano 2024	€73.644,00	€73.644,00	10%	€7.364,40	€66.279,60
Parte ano 2024		1.772.268,36 €		€177.226,84	€1.595.041,52

LIÑA 2: Proxecto de separación e reciclaxe en orixe da materia orgánica mediante a compostaxe doméstica "in situ"					
ANUALIDADE 2023					
CONCEPTO	INVESTIMENTO POR CONCEPTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	% COFINANCIAMENTO	IMPORTE COFINANCIAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA A ANUALIDADE
Cubos domésticos de biorresiduos, 3.000 uds.					
0 uds ano 2023	€4,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Compostadores domésticos, 3.000 uds.					
0 uds ano 2023	€78,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Kits con aireadores, termómetros e tamizadores para compostaxe doméstica, 3.000 uds					
0 uds ano 2023	€30,00	€0,00	10%	€0,00	€0,00
Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto, 1 ud.					
20,9804% ano 2023	€306.000,00	€64.200,00	10%	€6.420,00	€57.780,00
Parte ano 2023		€64.200,00		€6.420,00	€57.780,00

LIÑA 2: Proxecto de separación e reciclaxe en orixe da materia orgánica mediante a compostaxe doméstica "in situ"					
ANUALIDADE 2024					
CONCEPTO	INVESTIMENTO POR CONCEPTO	CUSTO TOTAL DO PROXECTO	% COFINANCIAMENTO	IMPORTE COFINANCIAMENTO	SUBVENCIÓN SOLICITADA PARA A ANUALIDADE
Cubos domésticos de biorresiduos, 3.000 uds.					
3.000 uds ano 2024	€4,00	€12.000,00	10%	€1.200,00	€10.800,00
Compostadores domésticos, 3.000 uds.					
3.000 uds ano 2024	€78,00	€234.000,00	10%	€23.400,00	€210.600,00
Kits con aireadores, termómetros e tamizadores para compostaxe doméstica, 3.000 uds					
3.000 uds ano 2024	€30,00	€90.000,00	10%	€9.000,00	€81.000,00
Actuacións de formación, difusión e seguimento do proxecto, 1 ud.					
79,0196% ano 2024	€306.000,00	€241.800,00	10%	€24.180,00	€217.620,00
Parte ano 2024		€577.800,00		€57.780,00	€520.020,00



Concello de Vigo

Importe da axuda: 90 % da actuación sen IVE, do que resulta:

	ANO 2023		
	CUSTO PROXECTO	COFINANCIAMENTO	AXUDA SOLICITADA
LIÑA 1	196.918,71€	19.691,87€	177.226,84€
LIÑA 2	64.200,00€	6.420,00€	57.780,00€
TOTAL	261.118,71€	26.111,87€	235.006,84€

	ANO 2024		
	CUSTO PROXECTO	COFINANCIAMENTO	AXUDA SOLICITADA
LIÑA 1	1.772.268,36€	177.226,84€	1.595.041,52€
LIÑA 2	577.800,00€	57.780,00€	520.020,00€
TOTAL	2.350.068,36€	235.006,84€	2.115.061,52€

	LIÑA 1		
	CUSTO PROXECTO	COFINANCIAMENTO	AXUDA SOLICITADA
ANO 2023	196.918,71€	19.691,87€	177.226,84€
ANO 2024	1.772.268,36€	177.226,84€	1.595.041,52€
TOTAL	1.969.187,07 €	196.918,71€	1.772.268,36€

	LIÑA 2		
	CUSTO PROXECTO	COFINANCIAMENTO	AXUDA SOLICITADA
ANO 2023	64.200,00€	6.420,00€	57.780,00€
ANO 2024	577.800,00€	57.780,00€	520.020,00€
TOTAL	642.000,00€	64.200,00€	577.800,00€

Resumen de actuacións, importes e anualidades:

	2023		2024		TOTAL SUBVENCIÓN SOLICITADA
	TOTAL PROXECTO	% COFINANCIACIÓN	TOTAL PROXECTO	% COFINANCIACIÓN	
LÍÑA 1	196.918,71€	(10%) 19.691,87 €	1.772.268,36€	(10%) 177.226,84€	1.772.268,36€.
LÍÑA 2	64.200,00€	(10%) 6.420,00€	577.800,00€	(10%) 57.780,00€	577.800,00€

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(919).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 16038/445.

Visto o informe xurídico do 27/10/2023 e o informe de fiscalización do 31/10/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/10/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe da Área de Investimentos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1.- Con data 07.07.2023 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445).

2.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 3 de agosto de 2023, rematando o prazo de presentación de ofertas o 18 de agosto. Segundo consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 22 de agosto de 2023, non se presentou ningunha proposición para esta licitación.

3.- En consecuencia, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 01.09.2023, acordou declarar deserto o procedemento aberto para a contratación do subministro na modalidade de adquisición de vehículos lixeiros para o desenvolvemento de servizos do parque móbil do Concello de Vigo (15.600-445) por non terse presentado ningunha proposición.

4.- A propia LCSP establece no seu artigo 168, que os órganos de contratación poderán adjudicar contratos utilizando o procedemento negociado sen a previa publicación de anuncio de licitación, cando nos procedementos abertos ou restrinxidos seguidos previamente, como é o caso que nos ocupa, non se presentara ningunha oferta, sempre e cando as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente, sen que en ningún caso se poida incrementar o prezo de licitación nin modificar o sistema de retribución.

5.- Defínense con precisión no informe de necesidade as necesidades que pretenden cubrirse por medio do contrato para o cumprimento e realización dos fins institucionais. Constitúe o obxecto do contrato a subministración de vehículos novos para o parque móbil, mediante a modalidade de adquisición, de modo que permita desenvolver os diferentes servizos que se prestan no exercicio das súas competencias.



Concello de Vigo

6.- En base ao referido Informe que xustifica adecuadamente a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos no uso das competencias atribuídas pola vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Disposición adicional 2ª.4 da LCSP, Decreto de Delegación de Alcaldía de datas 19, 20 e 28 de xuño de 2023, e Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023), acordou o inicio da contratación mediante Decreto de data 04.09.2023.

7.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos Municipal, pola Xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo Xefe da Área de Inversións en data 04.09.2023.
- B) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Goberno de Fomento e Servizos de data 04.09.2023.
- C) Memoria económica asinada pola Xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 06.09.2023.
- D) Certificado de crédito RC nº202300164677 asinado polo Director Superior Contable.
- E) Prego de Prescricións Técnicas asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 13.09.2023.
- F) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 15.09.2023.
- G) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos de data 06.10.2023.
- H) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos de data 06.10.2023.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de data 22.06.2023), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto, de conformidade co requirido polo artigo 116.2 LCSP e incorpora o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexen o contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato segundo o artigo 28 e 116.4 LCSP; a clasificación non é esixible no presente suposto (artigo 116.4.b LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 102 LCSP); as materias obxecto de negociación (artigo 166.2 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145 LCSP); a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP); así como as fórmulas de valoración (artigo 146.1 LCSP). O procedemento elixido para a contratación é o procedemento negociado sen publicidade e a forma de tramitación do expediente a ordinaria.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento negociado sen publicidade e tramitación ordinaria para a contratación do SUBMINISTRO NA MODALIDADE DE ADQUISICIÓN DE VEHÍCULOS LIXEIROS PARA O DESENVOLVEMENTO DE SERVIZOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado polo Enxeñeiro Municipal de Camiños, Canais e Portos en data 13.09.2023.



Concello de Vigo

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá a contratación, asinado asinado pola Técnica de Administración Xeral e pola Xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos de data 06.10.2023.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de CENTO VINTE E CINCO MIL CINCUENTA E SETE EUROS con TRINTA E UN CÉNTIMOS (125.057,31 €), IVE engadido, sendo a partida correspondente ao IVE de 21.704,16 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria 9202 6240000.- Adquisición de vehículos-, segundo a seguinte distribución de anualidades.

2023	125.057,31 €
------	--------------

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(920).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN DA MOBILIDADE DE VEHÍCULOS E PERSOAS MEDIANTE A SINALIZACIÓN VIARIA NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 132837/210

Visto o informe xurídico de data 2/11/2023 e o informe de fiscalización do 06/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 31/10/2023, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

Por Resolución de 27 de marzo de 2023 da Concelleira da Área de Seguridade acordouse o inicio do expediente para a nova licitación do servizo de xestión da mobilidade de vehículos e persoas mediante a sinalización viaria na cidade de Vigo (Expte: 132.837/210).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Na iniciación e tramitación do expediente se teñen observado os requisitos establecidos no art. 116 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público. (LCSP)

A competencia do órgano de iniciación ten fundamento no Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023, sobre delegación de competencias nos concelleiros de Área e Concelleiros delegados.

Segundo.- Ao expediente incorpórase:

- Certificacións da existencia de crédito adecuado e suficiente (RC, RCFUT) asinados o 25 de agosto de 2023.
- Memoria económica do contrato asinada o 25 de setembro de 2023.
- Prego de Prescricións Técnicas asinado o 17 de outubro de 2023.
- Memoria xustificativa do contrato asinada o 20 de outubro de 2023.
- Declaración de neutralidade na redacción do Prego de Prescricións Técnicas asinada o 17 de outubro de 2023.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado o 31 de outubro de 2023.

Terceiro.- A celebración do contrato está incluído na programación anual de contratación do Concello aprobado pola Xunta de Goberno Local o 30 de decembro de 2022, publicado no perfil do contratante.

Cuarto.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, a aprobación do expediente e conseguinte apertura da licitación e procedemento de adxudicación (art. 117, en relación coa D.A. 2ª, 4 e 11 da LCSP; Acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023).

TERCEIRO.- O expediente ten por obxecto un contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada (arts. 17 e 22 da LCSP).



Concello de Vigo

A codificación do obxecto contractual é:

CPV: 50232200-2

A licitación e adxudicación regularase polas normas do procedemento aberto, tramitación ordinaria.

E susceptible do recurso especial dos arts. 44 a 60 da LCSP.

CUARTO.- Na aplicación orzamentaria 1330 2279902 existe crédito adecuado e suficiente para atender o gasto derivado da tramitación, aprobación, licitación e adxudicación do contrato, por un importe máximo de 4.500.000 € para a enteira duración do mesmo prevista nos pregos.

En mérito de canto antecede, co informe favorable da persoa Titular da Asesoría Xurídica (D.A. 3ª.8 LCSP), e da Intervención Xeral (D.A. 3ª.3 LCSP) nos termos do seu informe de 27 de outubro de 2023 o funcionario que subscribe ven en propoñer á Concelleira da Área de Seguridade que eleve a Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- Aprobar o expediente de contratación para a nova licitación do servizo de xestión da mobilidade de vehículos e persoas mediante a sinalización viaria na cidade de Vigo, tramitado co número 132.837/210, en réxime de contrato de servizos suxeito a regulación harmonizada, integrado polos seguintes documentos:

- Orde de inicio de 27 de marzo de 2023
- Certificacións da existencia de crédito adecuado e suficiente (RC, RCFUT) asinados o 25 de agosto de 2023.
- Memoria económica do contrato asinada o 25 de setembro de 2023.
- Prego de Prescricións Técnicas asinado o 17 de outubro de 2023.
- Memoria xustificativa do contrato asinada o 20 de outubro de 2023.
- Declaración de neutralidade na redacción do Prego de Prescricións Técnicas asinada o 17 de outubro de 2023.
- Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado o 31 de outubro de 2023.

2º.- Autorizar o gasto necesario para a aprobación do expediente de carácter plurianual cunha duración de cinco anualidades (art. 174 do TRLRFL, RDL 2/04), a licitación e conseguinte adxudicación do contrato con cargo á aplicación orzamentaria [1330 2279902](#) por un importe máximo de 4.500.000 € (IVE excluído) para a enteira duración do mesmo e segundo o seguinte desglose por anualidades prevista expresamente nos pregos que se aproban (IVE incluído):

ANO 2023: 85.000€

ANO 2024: 900.000 €

ANO 2025: 900.000 €
ANO 2026: 900.000 €
ANO 2027: 900.000 €
ANO 2028: 815.000 €

3º.- Diseñar, en consecuencia, a apertura do período de licitación polas normas do procedemento aberto, con tramitación ordinaria e suxeito ao recurso especial en materia de contratación previsto no art. 44 e seguintes da LCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

INCORPÓRASE Á SESIÓN A CONCELLEIRA SRA. CARIDE ESTÉVEZ.

13(921).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE PARA O FINANCIAMENTO DO XI FESTIVAL VÉRTIXE SONORA DURANTE O EXERCICIO 2023. EXPTE. 5137/330.

Visto o informe xurídico do 26/10/2023 e o informe de fiscalización do 06/11/2023, dáse conta informe-proposta de data 18/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 27 de setembro do 2023, a "Asociación Cultural Vértixe" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "XI Festival Vértixe Sonora"; por este motivo, o día 10 de outubro do 2023, o concelleiro de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

CONCERTOS:

Venres 8 de outubro, 20h. | Auditorio Martín Códax, Vigo
NJANGI



Concello de Vigo

Venres 13 de outubro, 20h | MARCO, Vigo
NACER O TEMPO

Domingo 15 de outubro, 19h. | MARCO, Vigo
CORROSION RESISTANCE

Domingo 22 de outubro, 20h. | Auditorio Martín Códax, Vigo
IMPORT/ EXPORT

Venres 27 de outubro, 20h. | Auditorio Martín Códax, Vigo
PLURAL

Sábado 11 de novembro, 20h. | Verbum, Vigo
CARTOGRAFÍAS

Domingo 12 de novembro, 19h | MARCO, Vigo
ARCHON

Domingo 12 de novembro, 20h | MARCO, Vigo
LIMINARIS

EN PARARELO:

Varias datas e espazos

RESIDENCIAS

Venres 21 de outubro, 17h | CSM, Vigo

AUTORRETRATO SOBRE FONDO SONORO
Sábado 22 de outubro, 12h | CSM, Vigo

IMPORT/ EXPORT
Mércores 25 de outubro, 16h | BBAA, Pontevedra

O NEW OP-ERA PROJECT
Domingo 29 outubro, 13h | CIDADE DA CULTURA, Santiago de Compostela

VERTIXE DIXITAL
Sábado 11 de novembro, 12h | MARCO, Vigo

INTELIXENCIA ARTIFICIAL. PASADO PRESENTE E FUTURO

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 19.954,59 € (DEZANOVE MIL NOVECIENTOS CINCUENTA E CATRO EUROS CON CINCUENTA E NOVE CÉNTIMOS), dos que o Concello de Vigo achegará 7.000 €

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitud e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade

- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Vértixe, para a organización do “XI Festival Vértixe Sonora”, obxecto deste expediente rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Vértixe deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” ten como obxecto financiar a organización do “XI Festival Vértixe Sonora”, figurando na aplicación **3340.480.00.00** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.



Concello de Vigo

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000 € (sete mil euros) á "Asociación Cultural Vértixe", CIF. G-27751296, para o financiamento do " XI Festival Vértixe Sonora", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 "Convenio Festival Vértixe Sonora ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1 E de responsabilidade da Entidade :
 - 1.1 A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 - 1.2 A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - 1.3 Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 2 Actuará como interlocutora única ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride , presidente da entidade
- 3 Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 4 Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 5 Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución

por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 6 A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 7 Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademáis deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos



Concello de Vigo

na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 15 de novembro de 2023
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - a.1 Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - a.2 Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - a.3 Memoria de prensa.
 - a.4 Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - a.5 Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2023 que se xustificuen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.



Concello de Vigo

INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(922).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DA XII EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2023. EXPTE. 5141/330.

Visto o informe xurídico do 26/10/2023 e o informe de fiscalización do 06/11/2023, dáse conta informe-proposta de data 24/10/2023, asinado polo xefe do Servizo de



Concello de Vigo

Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 29 de setembro de 2023, a “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” presenta na sede electrónica do Concello escrito de solicitude de subvención para o financiamento da “**XII EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2023**”; por este motivo, con data 10 de outubro do 2023, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, polo importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.17 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A “**ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN**” é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o *Festival Primavera do Cine en Vigo*.

Reencanto Producións é unha plataforma cultural que nace en tempos de crise coa intención de crear contidos culturais para o cambio e a transformación social, é unha proposta en positivo, é unha organización aberta, participativa e flexible que cre na innovación e quere potenciar as novas propostas.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O *XII Festival Primavera de Vigo 2023* desenvolveuse do 5 ao 10 de setembro do 2023 en distintos espazos da cidade (Auditorio Municipal do Concello, MARCO e Instituto Camoes).

A memoria económica que se achega a esta proposta, incorpora o orzamento xeral de gastos e ingresos do programa polo importe total de 20.000,09 € (vinte mil euros con nove céntimos), que se financian según o seguinte:

- CONCELLO DE VIGO: 5.000 €
- Deputación Provincial de Pontevedra: 7.149 €
- Patrocinios, billeiteira e achegas da entidade organizadora: 7.851,09 euros

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Solicitude e autorización á consulta dos datos tributarios
- Memoria e orzamento da actividade
- NIF da representante legal
- CIF da entidade
- Estatutos da entidade e capacidade do representante legal
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.

- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” , para o financiamento da “**XII EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2023**”, rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á “ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2023, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde as materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” ten como obxecto financiar a organización da “**XII EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2023**”, figurando na aplicación **3340.480.00.17** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da entidade.

A subvención do Concello de Vigo á entidade “ ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.



Concello de Vigo

Coa conformidade do concelleiro-delegado de Cultura, concelleira da Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) a "Asociación Cultural Reencanto Producións" CIF. G27780766, para o financiamento da "XII Edición do Festival Primavera do Cine en Vigo 2023" organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.17 "SUBVENCIÓN FESTIVAL.PRIMAVERA DE CINE", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexerán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1 E de responsabilidade da Entidade :
 - 1.a A organización das actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE,
 - 1.b A organización integral do programa, a súa ampla difusión e a dispoñibilidade dos espazos, e solicitude, de ser o caso, dos permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
 - 1.c Cumprimento do programa obxecto da subvención e o abono dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, alugueiro e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 2 Actuará como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. David Esperón Fontán , presidente da entidade
- 3 Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 4 Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo nos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 5 Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

- 6 A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 7 Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa e a ditos efectos contratar e dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se producira en relación ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A ENTIDADE presenta recibo do pagamento do seguro de responsabilidade civil.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

A tramitación da subvención e xestión do pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará calquera incidencia do proxecto subvencionado.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a axeitada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse coa presentación na sede electrónica das facturas correspondentes ao gasto do proxecto ou actividade ademais deberá achegar un balance que abrangue a totalidade do gasto ou unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que obxecto da subvención executouse na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.



Concello de Vigo

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2023
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 - a.1 Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 - a.2 Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 - a.3 Memoria de prensa.
 - a.4 Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 - a.5 Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe;
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Gastos subvencionables:

Considerarase como gasto subvencionable os realizados no ano 2023 que se xustifiquen coa correspondente factura con anterioridade a finalización do período de xustificación, por tratarse a perceptora da subvención dunha entidade sen fin lucrativo e en consideración a que o importe da subvención constitúe unha das formas de financiamento para levar a cabo as actuacións

inherentes á subvención e ademais non se contempla a realización de pagos a conta ou anticipados.

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2023 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarallo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei



Concello de Vigo

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

De conformidade co artigo 32.2 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións a achega municipal configúrase como un importe certo, entendendo que queda por conta do beneficiario a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado en tal caso

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

[A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.](#)

15(923).- REINTEGRO DO ANTICIPO DA ANUALIDADE 2022 DA AXUDA CONCEDIDA POLA AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER), “PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2022-2023”. EXPTE. 1797/441.

Visto o informe de fiscalización de data 6/11/2023, dáse conta do informe-proposta de data 03/11/2023, asinado pola técnica de Xestión e xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da

Área de Investimentos e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

Examinado o expediente de referencia resulta o seguinte:

Primeiro.- En sesión de data 22.02.2022, a XGL acordou aprobar a participación do Concello de Vigo no “Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023” (DOG núm. 16, do 25 de xaneiro de 2022), modificado pola Resolución do 21.09.2022 (DOG núm. 185, do 28 de setembro), e en data 25.02.2022 solicitoulle á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural unha axuda para executar o proxecto de Mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Expte.1198-441), ao abeiro da Resolución do 29.12.2021 para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao devandito Plan.

Segundo.- En data 10.06.2022 a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por delegación do Consello de Dirección, resolveu concederlle ao Concello de Vigo unha axuda por importe de 81.254,46 € distribuída en dúas anualidades, 19.419,82 € na anualidade 2022 e 61.834,64 € na anualidade 2023.

Terceiro.- O Plan de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023 establece no seu artigo 14 que o prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2022 será o 15 de outubro de 2022.

Asemade, o artigo 16, indica que con cargo á anualidade 2022, logo da solicitude dos concellos beneficiarios, poderá tramitarse un pagamento anticipado en concepto de entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as accións inherentes á subvención, nas seguintes condicións:

- A data límite para solicitar o pagamento anticipado será o 1 de agosto de 2022.
- O importe máximo do pagamento anticipado será do 50 % da subvención concedida, sen que supere a anualidade prevista no exercicio orzamentario.
- A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.
- A data límite para executar e xustificar o pagamento anticipado será o 16 de decembro de 2022.

Cuarto.- Previa solicitude de anticipo remitida polo Concello de Vigo en data 22.07.2022, a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por delegación do Consello de Dirección, resolveu pagarlle ao Concello de Vigo unha axuda de 19.419,82 € en concepto de pagamento anticipado con cargo á anualidade 2022.

Quinto.- Transcorrido o prazo para a xustificación dos investimentos correspondentes á anualidade 2022 (16.12.2022) ser terse presentado, en data 19.12.2022 recíbese oficio da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural requirindo a presentación da documentación xustificativa dos investimentos con cargo á anualidade 2022 no prazo improrrogable de dez días.



Concello de Vigo

Sexto.- En data 17.01.2023, e transcorrido novamente o prazo outorgado sen a presentación da devandita documentación requirida, a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, por delegación do Consello de Dirección, resolveu iniciar, en relación ao proxecto PM22-289 Mellora e reforzo do firme existente no camiño Valada (Valada), promovido polo Concello de Vigo, o procedemento de reintegro do importe de dezanove mil catrocentos dezanove euros con oitenta e dous céntimos (19.419,82 €) en concepto de pagamento anticipado con cargo á anualidade 2022.

Sétimo.- En data 13.10.2023 ten entrada no rexistro xeral do Concello de Vigo requirimento da Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) para o reintegro do anticipo da anualidade 2022 da devandita subvención de AGADER, de contía dezanove mil catrocentos dezanove euros con oitenta e dous céntimos (19.419,82€).

Asemade notifícase liquidación dos correspondentes xuros de mora practicada, por importe total de trescentos oitenta e oito euros con setenta e tres céntimos (388,73€), tal e como se resume na seguinte táboa:

DEMORA							
DÉBEDA: 19.419,82€							
DEVENGO A PARTIR DO 1/12/2022	3,7500%	MD	30/09/2022	31/12/2022	93	185,55 €	
DEVENGO A PARTIR DO 1/1/2023	4,0625%	MD	01/01/2023	04/04/2023	94	203,18 €	
					DÍAS/EUROS	187	388,73€

Oitavo.- O procedemento de reintegro réxese pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e polo Decreto 11/2009, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como pola Orde do 21/07/1998 pola que se regula o procedemento de recadación nos supostos de reintegros de axudas ou subvencións públicas, pensións asistenciais e subsidios económicos.

No artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, regúlanse as causas nas que procede o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorda a procedencia do reintegro.

No artigo 34 da dita Lei 9/2007, establécese que as cantidades a reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultando de aplicación para o seu cobro o previsto no Decreto Lexislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia. No punto 2 do citado artigo dispón que o xuro de mora aplicable en materia de subvencións será o xuro legal do diñeiro incrementado nun 25 por cen, salvo que a Lei de Presupostos Xerais do Estado estableza outro diferente e do previsto para os Fondos da Unión Europea na súa lexislación específica.

Noveno.- Por último, debe indicarse ao ter por obxecto este expediente do reintegro económico, deberá ser obxecto de fiscalización pola Intervención Xeral.

Polo exposto sométese á consideración da Xunta de Goberno Local que, previo informe da fiscalización da Intervención Xeral, se adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Autorizar e dispoñer o gasto, en concepto de reintegro, por importe de DEZANOVE MIL CATROCENTOS DEZANOVE EUROS CON OITENTA E DOUS CÉNTIMOS (19.419,82€) con cargo ao concepto que se imputou o devandito anticipo “45108”.

SEGUNDO.- Autorizar e dispoñer o gasto, correspondente aos xuros de mora devengados, por importe de TRESCENTOS OITENTA E OITO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (388,73€). O pagamento aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 9340 3520000 do vixente orzamento de gastos.

A tales efectos achéganse sendas cartas de pago expedidas pola Axencia Tributaria de Galicia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Modificación do convenio coa Federación de Peñas Recreativas “El Olivo” para a organización da Festa do Magosto 2023. Expte. 9939/335.
- .- Proposta de adxudicación da contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta PASSVIGO no marco do PRTR – Next Generation EU. Expte. 10127/113.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

16(924).- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS “EL OLIVO” PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2023. EXPTE. 9939/335.



Concello de Vigo

[A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.](#)

Dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e conformado polo enxeñeiro industrial e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, resolveu o día 26 de setembro de 2023, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” (CIF G-36.704.666), para a realización da “Festa do Magosto 2023”, os vindeiros días 11 e 12 de novembro, na Praza do Berbés e nos barrios de Navia ou o Calvario, dentro da programación “Vigo en Festas 2023”.01).

SEGUNDO.- En data 27 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno Local aproba o seguinte acordo:

“1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo”, CIF G-36.704.666, para a organización da “Festa do Magosto 2023”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da “Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo” con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio F.P.R. El Olivo-Magosto do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico.”

TERCEIRO.- En data 7 de novembro de 2023 a Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo presenta solicitude de cambio *“dos espazos previstos para o desenvolvemento do magosto 2023. Berbes, Navia ou Calvario, por Porta do Sol e Alameda Eduardo Cabello (Bouzas), dado que estes dous últimos espazos son máis óptimos debido a o sua maior capacidade e teñen menor tráfico rodado. Podendo así abarcar máis xente e menos problemática co tráfico. Tendo así menos complicacións cos mesmos.”*

PROPOSTA:

Estando de acordo coa solicitude presentada xa que o cambio solicitado reverte nunha mellora no desenvolvemento das activades da “Festa do Magosto 2023”, o que resulta positivo para o interese público, propónse a adopción, pola Xunta de Goberno Local, do seguinte acordo:

“Modificar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas “El Olivo (G-36.704.666) para a organización da Festa do Magosto 2023, e onde pon “na praza do Berbés e na explanada de Navia ou Calvario” se lea “na Porta do Sol e na Alameda Eduardo Cabello (Bouzas)”.

ACORDO

[A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.](#)

NESTE INTRE AUSÉNTASE DA SESIÓN A CONCELLEIRA SRA. CARIDE ESTÉVEZ.

17(925).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE LECTORES/VALIDADORAS QR/NFC COMPATIBLES CO SISTEMA DE XESTIÓN DA TARXETA PASSVIGO NO MARCO DO PRTR – NEXT GENERATION EU. EXPTE. 10127/113.

[A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.](#)

Visto o informe de fiscalización de data 27/10/2023, dáse conta da proposta de data Mesa de Contratación realizada o 26/10/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generaion EU (10127-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generaion EU (10127-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 28 de xullo de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto e ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro de



Concello de Vigo

lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo, no que constan:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 26/05/2023 e co conforme da Concelleira de Xestión Municipal e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda da mesma data.
- Documentos económicos sobre a existencia de crédito de data 02/06/2023 asinados pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 27/06/2022 asinado polo xefe do servizo de Administración Electrónica.
- Memoria económica do contrato de data 27/06/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleiras de Xestión Municipal da mesma data e do Concelleiro de Orzamentos e Facenda con data 29/06/2023.
- Memoria xustificativa do contrato de data 29/06/2023, asinada polo xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Informe da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 29/06/2023, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato co conforme da Xefa do Area de Contratación de data 30/06/2023.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación en data 29/06/2023, co conforme da Xefa so Area de Contratación de data 30/06/2023.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 103.000,00 €, que inclúe un I.V.E. de 17.876,03 €, dende o 1 de agosto de 2023, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:

exercicio	concepto	Partida/Proxecto	Base	IVE	Total
2023	APL. FUNCIONALIDADES SERV. TARXETA CIDADA	9207.6410010	85.123,97 €	17.876,03 €	103.000,00 €

TERCEIRO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 13 de outubro de 2023 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generaion EU (10127-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., o día 16 de outubro de 2023, que presenta a documentación requirida o 20 de outubro de 2023, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 26 de outubro de 2023 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón e D. Xabier Pérez Igrexas, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.,



Concello de Vigo

de acordo co informe de valoración das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de data 20 de setembro de 2023.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Adxudicar a TELEFÓNICA SOLUCIONES DE INFORMÁTICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U. o procedemento aberto para a contratación do subministro de lectores/validadoras QR/NFC compatibles co sistema de xestión da tarxeta Passvigo no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - Next Generación EU (10127-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 103.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.876,03 euros.
- b) Propón unha porcentaxe de desconto do 0 % a aplicar ao prezo unitario recollido no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove hora e dez minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE

Abel Caballero Álvarez